




BIBLIOTECA H.P. LOVECRAFT

HERBERT WEST, **REANIMADOR** **E OUTRAS HISTORIAS ARREPIANTES**



BIBLIOTECA HP. LOVECRAFT



HERBERT WEST,
REANIMADOR
E OUTRAS HISTORIAS ARREPIANTES

Herbert West o reanimador e outras historias arrepiantes

de

H. P. LOVECRAFT

URCO EDITORA

Galiza, 2020



Para ver este eBook coa calidade tipográfica que merece,
recomendamos o Pocketbook reader.

UNHAS PALABRAS DA EDITORIAL

Entre 2010 e 2014 Urco Editora acometeu o titánico e pretrenatural proxecto de traducir e publicar en 14 volumes a narrativa completa de H.P. Lovecraft, acompañada dun poemario e un ensaio. Esta Biblioteca Lovecraft tivo éxito entre o público xeral e nos centros de ensino, consolidándonos como o referente da literatura fantástica na Galiza.

Pasados os anos, coa colección en papel amortizada desde o punto de vista económico e no contexto da pandemia da COVID-19, onde a inmediatez e o dixital cobran pulo, preguntámosnos: por que non «liberar» estes textos para o seu uso libre e gratuito por parte de todo o mundo? A fin de contas, nas raíces da nosa filosofía sempre estiveron o Creative Commons e o Software Libre.

Os textos orixinais foran traducidos, se ben pola mesma man, ao longo de varios anos. Da mesma forma, a revisión correra ao cargo de varias persoas. Hoxe, coa experiencia gañada, podemos retornar eles para cohesionar criterios e producir unha edición definitiva. Isto coloca a nosa lingua nunha situación excepcional: non existe outra literatura no mundo que teña a día de hoxe unha edición traducida, cohesionada, dixital e de libre acceso da obra completa do Solitario de Providence.

Finalmente, a Biblioteca non estaría completa sen un novo volume que achegase valor. Así nace o volume XV, compendio de artigos e ferramentas

útiles para contextualizar a obra e figura de Lovecraft que agardamos resulte tanto de interese para o público desexoso de saber máis como para as docentes que queiran achegar estes textos ao seu alumnado.

O contido íntegro deste proxecto en ePUB está dispoñíbel para descarga gratuita no noso site web, e nas mesmas ligazóns podes achar maneira de mercar o libro en papel, se preferes o formato clásico.

Sen máis, dámosche a benvida á Biblioteca Lovecraft Dixital.

Galiza, outono de 2020.



INTRODUCCIÓN

A falta de tres volumes para rematar a Biblioteca Lovecraft en lingua galega, xa máis que superado o ecuador do proxecto e mergullados até as coxas nas augas dos contos de comezos da década de 1920, vai dando mágoa ver que o final está tan preto. Porén, como tradutor e editor resulta especialmente gratificante ollar con orgullo para o traballo feito e enfrontar con máis sabedoría —que non cordura—, a edición duns textos que, se cadra, requiren un bocado máis de contextualización e comprensión que as grandes obras do Lovecraft dos anos 30.

O título *Herbert West, o reanimador e outras historias arrepiantes* podería ter un dobre significado, aínda que, confeso, non é buscado. Explícome. Probabelmente, a noveliña curta que dá nome a este volume sexa a peor obra que o Solitario de Providence arrincou ás teclas da súa Remington de 1906. El mesmo confesa nas súas cartas o seu descontento co resultado, froito de ter que se pregar a unhas pautas editoriais excesivamente ríxidas, que incluían rematar cada capítulo en *cliffhanger*, se se me permite o anglicismo, e comezar o seguinte cun resumo de todo o contado anteriormente, resumo que ás veces é case máis longo que o resto do capítulo. É por iso que o lector ousado podería entender o título do noso volume XI como brincadeira, como se o adxectivo «arrepiante» non se referise ao terror emocional senón á calidade literaria dos textos que este libro recolle, como se o verdadeiro significado do título fose *Herbert West, o reanimador, e outros excrementos narrativos*. Mais non é así, este undécimo volume da Biblioteca Lovecraft de Urco Editora non é un «*The worst of...*». De feito, contén o relato «A

música de Erich Zann», o cal considero, como seareiro do autor, como editor das súas obras completas e tradutor, unha das súas mellores pezas.

O primeiro bloque do libro está formado por contos breves, algún deles mesmo fragmentario, todos escritos entre o ano 20 e o 22 do século pasado. Se nos fixamos nas notas de publicación de cada un, destaca o nome dalgúñas revistas que definen ben o perfil dos escritores que nelas publicaban: *National Amateur*, *The United Amateur*... Achámonos ante un Lovecraft novo que tenta facerse un oco no sistema editorial. De feito, dous dos relatos que se inclúen aquí, en concreto *The Moon Bog* e *The Outsider*, ficaron gardados nun caixón até que cinco anos despois, cando o autor xa conseguira escoarse nas páxinas de *Weird Tales*, puideron ver a luz nunha publicación profesional.

Ao longo das páxinas deste primeiro bloque podemos ver un pouco de todo, aínda que calquera persoa máis ou menos coñecedora da prosa do autor poderá atopar xa os grandes temas máis ou menos bosquexados nuns e outros contos. Temos a Nova Inglaterra profunda, salvaxe e chea de misterios arrepiantes, temos as paraxes exóticas da África profunda e os seus obxectos sacros, temos o pasado abraiantemente afastado que volve nas ás do sono para evitar a profanación dos seus segredos, temos o gozo estético e poético arredor da morte, temos o peso da soidade e o estrañamento nun mundo morto, temos as dimensións paralelas e os portais que pode abrir a música cara a universos de pesadelo, temos a obsesión permanente co sono e o seu carácter material, temos o macabro, temos a destrución da realidade a través da loucura. Como dicía, calquera que lea estes relatos atopará unha mostra bastante ampla das distintas obsesións de Lovecraft.

O segundo bloque, dedicado á novela curta *Herbert West-Reanimator* é quizais froito do que comentaba antes, dese autor que está a loitar por entrar no sistema dos *pulps* profesionais. Para comezar, cobraba cinco dólares por entrega, unha suma bastante importante na altura, especialmente para unha persoa que só publicaba en revistas de afeccionados. Segundo o propio autor, *Herbert West* escribiuse en clave humorística, como parodia do *Frankenstein* de Mary Shelley. Porén, quizais Lovecraft tiña un sentido do humor un bocado fino de máis —ou se cadra carecía del—, pois o resultado, máis que humorístico, semella unha mala adaptación do tema de Shelley, cuns toques grotescos que, se ben poden causar un certo sorriso de desagrado, están lonxe do paródico ou do abertamente hilarante.

É certo que o xustillo que o editor impuxera era ben estreito de máis e se afastaba bastante do xeito habitual de narrar do escritor de Providence. Os finais en *cliffhanger* resultan forzados e os resumos ao comezo de cada capítulo, a todas luces, sobran por extensos e mecánicos. Estamos ante un exemplo «de libro» do que pode acontecer cando as imposicións editoriais pesan máis na balanza que o bo facer de quen escribe: normalmente o resultado é un absoluto fracaso.

Así e todo, aconteceu algo ben curioso co *Herbert West*. Quizais fose esa indefiníbel mestura entre o grotesco, o paródico e o vagamente hilarante, mais nas décadas posteriores a obra comezou a gañar pulo. Para comezar, na década dos corenta republicouse en *Weird Tales*, xa finado Lovecraft. Logo, nos anos 50, veu unha adaptación á banda deseñada. Mais o grande salto da obra, que se ben non puxo o nome de Herbert West no imaxinario colectivo pero si o título de «Reanimador», chegou en 1985 da man do cineasta Stuart Gordon, co seu filme *Re-Animator*. Cunha magnífica recepción por parte da crítica e do público,

esta longametraxe de xénero terrorífico-humorístico converteuse axiña nunha obra de culto, dando orixe a múltiples secuelas, adaptacións a distintos medios e, como se dunha brincadeira do destino se tratase, elevando e inmortalizando a que quizais sexa a peor obra de H.P. Lovecraft, cuxo cadáver, por fortuna, nunca foi reanimado por ningún seguidor dos estudos de Herbert West, para ver tan enxalzada unha das súas vergoñas literarias.

Tomás González Ahola

O GRAVADO NA CASA

[*The Picture in the House* escribiuse en decembro de 1920 e publicouse no verán de 1921 na revista *National Amateur*, no número que correspondía a xullo de 1919.]

Os seareiros do medo adoitan ir na procura de lugares cheos de misterio e afastados, como as catacumbas de Ptolomeo ou os marabillosos mausoleos de calquera lugar do mundo. Especialmente ao luar, dedícanse a subir ás torres en ruínas dos castelos do Rhin ou a camiñar cambaleando entre os escuros banzos inzados de arañeiras que aínda se manteñen entre os restos dalgunhas cidades asiáticas. Os seus templos son os bosques encantados ou as montañas inaccesíbeis e as súas reliquias, os aterrecedores monólitos que se erguen en illas despoboadas. Porén, para o verdadeiro adicto ao medo, aquel que ante un arreguizo novo pode chegar a dar sentido a toda a súa vida, as granxas vellas e solitarias de Nova Inglaterra son especialmente atractivas, pois é alí onde se dá a combinación precisa de elementos como a fantasía, a soidade, o descoñecido e a presenza de forzas escuras que en conxunto poden levarnos aos altos cumios do medo.

Neste eido, as paisaxes máis interesantes son por forza aquelas que se achán a gran distancia das vías máis concorridas, lugares zarrapicados por casas sen pintar, case sempre cubertas de rubideiras e agochadas baixo algunha aba agreste ou algún pelouro xigantesco. Levan alí ás veces máis de douscentos anos contemplando as sucesivas xeracións de árbores inmensas. Agora a vexetación fíxose señora do lugar e case as devorou cunha mortalla de sombra averdada. Así e todo aínda se poden ver as pequenas xanelas, normalmente de guillotina, como se fosen ollos que capelexan con angustia ante a imposibilidade de contar todo canto saben. Nesas casas viviron decenas de persoas das máis diversas clases e das máis variadas procedencias. Fanatizados por crenzas escuras que os obrigaron a se apartaren dos seus conxéneres, eles e os seus descendentes buscaron nesas paraxes certa liberdade para se entregaren ás súas estrañas actividades. As súas crianzas atoparon, abofé, as facilidades que procuraban e desenvolvéronse á marxe de calquera das obrigas que lles impuxo a sociedade, mais en troca tiveron que aturar un terríbel servilismo imposto polo sinistro culto que se fixera co seu maxín. Marxinados completamente polos avances da civilización, toda a tecnoloxía destes particulares puritanos proviña de desenvolvementos propios. O illamento, a súa autorrepresión patolóxica e a loita constante contra unha contorna inhóspita, debuxaron trazos sombrizos sobre a xa de seu escuras faccións da súa ancestral ascendencia setentrional. Esencialmente prácticas e austeras por obriga, estas non eran xentes que se entretivesen no pecado. Expostas ao erro, como calquera mortal, o seu peculiar código moral obrigábaas a encubrilo e así chegou o momento en que foron completamente incapaces de identificar o que encubrían. Só as casas abandonadas, insomnes e maxestosas, chantadas en rexións afastadas e de mesta vexetación, gardan o que desde tempos

inmemoriais permanece oculto. Mais polo xeral amósanse pouco dispostas a se espreguizaren do seu letargo e a se tornaren comunicativas. Ás veces, cando un as enxerga, sente que o que mellor podería facerse con elas é derruílas axiña.

Unha tarde de novembro de 1896, mentres paseaba pola zona, desatouse un ballón tan cheo de rabia que me vin obrigado a procurar refuxio nunha destas casas medio derruídas polo tempo. O certo é que había xa algún tempo que percorría a rexión próxima ao val do Miskatonic na procura de certa información xenealóxica e en vista da orografía do lugar e da propia natureza dos meus desprazamentos, malia a época do ano en que nos achabamos, decidira empregar unha bicicleta. Deste xeito, a tarde en cuestión atopárame nun camiño de aspecto abandonado, polo que me internei ao crer que era o atallo máis acaído para ir até Arkham. Foi alí, no punto máis afastado de calquera aldea, cando o ceo semellou esborrallarse nun violento ballón e non me quedou outra que correr cara a un edificio de madeira en ruínas, que xurdiu no meu reducido campo visual. Flanqueada por dous enormes umeiros xa case sen follas e inclinada contra unhas penas abruptas, desde un primeiro momento a casa non me inspirou confianza ningunha. As xanelas embazadas, igual que ollos medio fechados, os alicerces aínda sólidos e as paredes exteriores bastante enteiras, todos compuñan os elementos básicos que se correspondían con outros tantos que aparecían en lendas que recollera nas miñas pescudas e que me advertían contra lugares como ao que debía recorrer naquel momento. Abofé que a forza do temporal era tal que non me quedou outra que refugar os meus medos e tirarme na bicicleta pola pendente cuberta de maleza que levaba até a casa, polo que axiña me atopei ante a porta que, de preto, espertaba as miñas fantasías.

Cheguei convencido de que non podía tratarse doutra cousa que dunha casa abandonada, mais cando me achei fronte a ela, algúns indicios, por exemplo os carreiros cubertos de maleza pero non completamente desaparecidos, fixéronme pensar que o lugar non estaba abandonado de todo. Por iso, no canto de abrir a porta sen máis, optei por bater nela cautelosamente, mentres unha ansiedade de orixe inexplicábel facía presa de min. De pé sobre a rocha que facía de chanzo de entrada, esculquei as xanelas que tan mala impresión me deran de lonxe e puíden comprobar que, malia á deterioración do tempo e á roña que as cubría, nin os marcos nin os vidros estaban escachados.

Aquela era outra evidencia para a miña sospeita de que, malia o abandono e o illamento, a casa debía de estar habitada. Así e todo, os golpes na porta non obtiveron a menor resposta. Volvín bater nela e, logo dunha prudente espera, que tamén resultou infrutuosa, decidínme a facer virar o picaporte cheo de ferruxe. Non me sorprendín ao comprobar que a porta non tiña o ferro botado. Entrei nun vestíbulo pequeno de cuxas paredes se desprendía o xeso.

A través da porta escoábase un fedor especialmente noxento. Aínda coa bicicleta na man, xa no interior, fechei a porta ás miñas costas. Descubrín unha escaleira estreita que remataba nunha porta, tamén estreita que, sen dúbida, levaba ao soto. Á esquerda e á dereita víanse outras tantas portas que debían de comunicar coas outras estancias do andar inferior.

Apoiei a bicicleta contra a parede, abrín a porta da esquerda e penetrei nun cuarto pequeno, de teito moi baixo, iluminado por dúas xanelas con vidros case opacos polo po e as arañeiras, e practicamente carente de mobiliario. Semellaba unha sala de estar por tal e como estaba amoblada, cunha mesa, algunhas cadeiras e unha gran cheminea

sobre cuxo peitoril aínda repousaba un antigo reloxo do que aínda se ouvía o tic-tac. Había algúns libros, aínda que a luz esvaída que chegaba até o interior non me permitía ler os seus títulos. Resultábame interesante a antigüidade que se respiraba en calquera dos detalles daquel lugar. Estaba afeito a atopar abundantes reliquias do pasado nas casas da rexión, mais aquí era impresionante a presenza do antigo. Por exemplo, no cuarto onde me atopaba non había un só obxecto que pertencese a unha data posterior á Revolución. Malia a modestia do mobiliario, aquela casa era o paraíso dun coleccionista.

A animadversión que tivera cara á casa cando a vira de lonxe non fixo máis que medrar a medida que ía percorrendo coa mirada a visión que se despregaba ante min. Non era quen de determinar cal era a fonte que me inspiraba medo ou noxo, mais abonde con dicir que había algo esvaído na atmosfera que me facía pensar en reminiscencias de tempos licenciosos, na máis basta brutalidade, en situacións que era mellor soterrar no esquecemento. Nada me convidaba a sentar tranquilamente a agardar a que parase a chuvia, así que continúei dando voltas e examinando os obxectos que descubrira ao entrar. Chamoume a atención un libro de formato mediano pousado sobre a mesa. O seu aspecto era tan gutenberciano que sorprendía velo fóra dun museo. A encadernación estaba feita en coiro gornecido en metal e o seu estado de conservación era excelente. Por certo que non era cousa de todos os días atopar semellante volume nunha casa tan modesta. Abrino e con sorpresa descubrín que se trataba da descrición do Congo que fixera Pigafetta a partir das observacións do mariñeiro Lope. Estaba escrito en latín e fora impreso en Frankfurt en 1598.

Ouvira falar daquela obra con estrañas ilustracións dos irmáns de Bry en múltiples ocasións, así que me mergullei no seu exame e rematei

por esquecer o desacougo que me producía o lugar. As ilustracións eran verdadeiramente singulares, decididamente inclinadas cara ao eido do imaxinativo, con relativa fidelidade ás descrições do texto: unha presenza recorrente neles era a dos nativos de pel branca e trazos caucásicos. Estiven un longo intre folleando o precioso volume e seguiría así moito máis se unha trivialidade non viñese amolarme e revivir o meu desacougo. Dábame un certo arreguizo o feito que, por moito que quixese ou non, o libro sempre se abrise na Lámina XII, unha estarrecedora representación das tribos caníbales Anziques. Non deixei de avergoñarme por semellante susceptibilidade, mais o certo é que subsistía a circunstancia de que aquel gravado non me gustaba no máis mínimo, especialmente nos detalles que referían a gastronomía dos anziquenses.

Deixeino sobre a mesa e dirixinme ao andel no que reparara ao comezo. Había poucos libros, unha *Biblia* do século XVIII, un *Pilgrim's Progress* do mesmo século, ilustrado con bastos gravados en xilografía e impreso polo autor de almanaques Isaiah Thomas, un lamentábel *Magnalia Christi Americana* de Cotton Mather e un feixe de volumes máis da mesma época. De súpeto, todo o meu corpo se tensou cando ouvín o son inconfundíbel duns pasos no cuarto superior. A miña sorpresa debíase á falta de resposta ante os meus reiterados chamados á porta, mais non tardei en acougar pensando que fose quen for, seguramente acababa de acordar dunha profunda sesta e, xa con maior acougo, recibín o renxer da escaleira, que delataba alguén que descendía por ela. Eran pasos firmes, aínda que semellaban transmitir algo de cautela. Pola miña banda, tivera a precaución de fechar tras de min a porta do cuarto en que agora me atopaba. Produciuse un silencio alén da porta, tempo no que seguramente quen fose se dedicara a examinar a

bicicleta que deixara apoiada contra a parede. Logo escoitei un movemento familiar no picaporte e vin como a porta se abría.

Por ela apareceu un suxeito cunha aparencia tan peculiar que se non a recibín cun berro de abraio foi grazas á miña moi esmerada e controlada educación. Tratábase dun ancián de barba cana, vestido só con farrapos, pero cun rostro e un porte que inspiraban admiración e respecto. Medía non menos dun metro noventa e malia o seu aspecto xeral e á clara miseria en que se atopaba, era de complexión forte e case deportiva. Oculta por unha barba que lle cubría totalmente as fazulas, a pel da súa faciana amosaba unha cor extraordinariamente rosada e case non tiña engurras. Os ollos azuis, lixeiramente embazados en sangue, eran dunha vivacidade notoria e proxectaban miradas de fonda intensidade. De non ser pola súa aparencia tan estraña, o home imporíase co seu porte distinguido e a excepcional feitura do seu físico. Precisamente, o aspecto charramangueiro era o que o tinxía sen remedio dun aquel repulsivo. Era imposíbel describir o que noutro tempo fora a súa vestimenta, agora reducida a unha chea de farrapos que caían sobre un par de botas altas. Tampouco se pode dar conta do grao de sucidade de toda a súa persoa.

Todo iso, sumado ao medo instintivo que me posuíra desde antes da súa chegada, produciu en min un sentimento de hostilidade cara ao ancián. Así e todo, sorprendinme enormemente ao ver, dun xeito absolutamente contraditorio co seu aspecto e cos sentimentos que experimentaba, como me convidaba cun elegante aceno a que tomase asento e dirixirse a min cunha voz feble pero moi agradábel, para me expresar a súa respectuosa hospitalidade. Falaba nun idioma particular, unha especie de variante do dialecto ianqui que supuña extinguida

había moito tempo e que agora atopaba ocasión de estudar, mentres conversabamos tranquilamente fronte a fronte.

—Sorprendeuno a chuvia? —iniciou a conversa—. Por fortuna achábase preto da casa. Supoño que debía de estar a durmir. Pola contra seguro que o escoitaría chegar. Non son novo e preciso durmir moitas horas todos os días. Vai moi lonxe? Non hai moita a xente que pase por ese camiño desde que suprimiron a dilixencia de Arkham.

Díxenlle que abofé me dirixía a Arkham e desculpeime por irromper daquel xeito na súa casa. O ancián volveu falar.

—Alégrome de velo, cabaleiro. Son moi poucas as facianas novas que adoitan verse por aquí e non hai moito con que entreterse. Supoño que vostede é de Boston. Nunca estiven alí, mais son quen de distinguir alguén desa cidade con só velo. Aquí tivemos un mestre para todo o distrito mais un día marchou e ninguén volveu saber del.

Logo soltou unha especie de risa contida e non me respondeu sobre a causa da mesma logo de lle eu preguntar. Semellaba de moi bo humor, mais amosaba as excentricidades propias de alguén coa súa aparencia. Durante un intre seguiu falando só, como se atopase un pracer especial niso, até que se me ocorreu preguntarlle como chegara até as súas mans un libro tan raro como o *Regnum Congo* de Pigafetta. Aínda non me recuperara da impresión que me producira atopar aquel volume alí e conseguira conter os meus desexos de falar sobre o tema durante uns intres, mais á fin a miña curiosidade triunfou por riba de todos os demais medos. Por fortuna a pregunta non supuxo ningunha cuestión embarazosa para o meu anfitrión, quen se entregou a unha alegre explicación.

—O libro africano? Cambieillo ao capitán Ebenezer Holt, coido que no 68, antes de que morrese na guerra, por algún obxecto que agora

non lembro.

O nome Ebenezer Holt fíxome centrar a atención decontado. Durante as miñas pescudas xenealóxicas atopara aquel nome, mais non puidera atopar datos precisos sobre el desde os tempos da Revolución. Ocorréuseme que aquel home podería axudarme na localización deses datos, mais decidín aprazar a pregunta para máis tarde.

Entrementres, el continuaba co seu relato:

—Ebenezer navegou durante moitos anos nunha nave mercante de Salem e non había porto onde ancorase no que non se encaprichase con algunha estraña rareza. Coido que este libro adquiriuno en Londres. Gustaba moito de visitar as tendas para mercar esta clase de cousas. Unha vez visitei a súa casa nas montañas, onde ía vender cabalos, e vin este libro. Gustáronme moito os gravados e propúxenlle un troco. É un libro moi raro. Imos velo. Preciso os meus óculos.

O ancián meteu a man entre os farrapos e de alí sacou un par de lentes noxentas e incrivelmente antigas, daquelas con pequenos vidros octogonais e patas de aceiro. Colgounas do nariz, colleu con moito coidado o libro e púxose a pasar as páxinas.

—Ebenezer era quen de o ler. Está en latín. Sabíao? Dous ou tres mestres léronme algunhas partes, o reverendo Clark, de quen se murmura que morreu afogado na lagoa, tamén me leu algo... Vostede entende o que di?

Díxenlle que si e para llo demostrar traducínlle un fragmento do comezo. Talvez cometín algúns erros, mais o ancián non era ningún latinista que puidese corrixirme. Ademais semellaba encantado coa miña versión. A súa proximidade ía en aumento e, ao mesmo tempo, cada vez resultábame máis difícil de aturar, mais non se me ocorría xeito ningún de recuperar a distancia sen que se sentise ofendido.

Resultábame divertido o entusiasmo infantil daquel ancián ignorante ante os gravados dun libro que non podía ler e preguntábame se quizais sabería ler os libros en inglés que descansaban sobre o andel. Reparei nesa sinxeleza e de socato sentín ridículos todos os temores que estiveran agromando en min.

—É curioso como os gravados poden facernos pensar. Vexamos, por exemplo, este do comezo. Viu vostede algunha vez árbores máis grandes que estas, con follas tan enormes colgando das pólas? E estes homes, non poden ser nativos africanos, dan a impresión de seren indios, malia que están en África. Algúns destes seres que están aquí miran como se fosen monos, ou medio monos e medio humanos. Nunca ouvín de nada semellante a isto —dixo sinalando unha estraña criatura parecida a un dragón con cabeza de lagarto—. Así e todo, aínda non vimos o mellor de todos. Imos ver, está por aquí, na metade do libro... —o seu falar volveuse máis estoxadizo e os seus ollos acendéronse cun estraño fulgor. O libro abriuse inevitabelmente na páxina que contiña a Lámina XII. Volveume asolagar a sensación de intranquilidade, malia que loitei porque non se reflectise no meu rostro. Volvín mirala e comprobei que o realmente curioso era que o artista debuxara os africanos como se fosen brancos. Das paredes da estancia penduraban pernas e brazos, nun espectáculo certamente noxento, mentres que o carniceiro, coa machada na man, axudaba ao clímax. Porén, mentres a min aquel cadro me producía arrepío, ao ancián, en troca, encantáballe.

—Que lle parece? A que nunca viu nada semellante? Apenas o vin díxenlle a Eb Holt que era algo como para lle quecer o sangue a calquera. Cando leo nas Escrituras sobre matanzas, a dos medianitas, por exemplo, imaxino escenas así. Velaquí está todo o que se precisa para o imaxinar. Talvez sexa pecado, pero seica non vivimos todos

mergullados nel? Cada vez que vexo este home cortado en anacos sinto como un formigo que me percorre todo o corpo. Non podo apartar a vista do gravado. Ve como o carnicero cortou os pés dun só tallo? Sobre o banco está a cabeza e un brazo; o outro está máis lonxe...

Na súa estraña xiria, o ancián semellaba posuído aos poucos por unha sinistra éxtase, a súa cara peluda adquiriu unha expresividade intensa, mais curiosamente o ton da súa voz ía esvaecéndose. Pola miña banda, era un mar de sensacións enfrontadas. Volvera sentir todo o terror que dun xeito esvaído e intermitente me roldara desde que vira a casa, o que me producía un forte rexeitamento cara a aquela criatura abominábel que tiña ao meu carón.

Non podía comprender a tolemia e a perversión da que se gababa, pero o que máis me arrepiaba era a súa voz, que agora non pasaba de ser un murmurio rouco moito máis atercedor que calquera ouveo.

—En realidade é moi estraña a capacidade que teñen os gravados para o facer pensar a un. Refírome a este, mozo. Cando Eb me deu o libro adoitaba dedicarme a ollar para el moi a miúdo, especialmente despois de ouvir o reverendo Clark baballoar todos os domingos. Se non se asusta, mozo, voume permitir contarlle unha trasnada que se me ocorreu unha vez. Antes de sacrificar as ovellas para as vender no mercado, adoitaba mirar o gravado. Era moito máis apracíbel matar as ovellas logo de ollar para el.

A voz do ancián continuaba esmorecendo, por momentos non podía ouvir algunhas das súas palabras, amortecidas polo ruído da chuvia ou polo renxer dalgunhas madeiras soltas. De socato descargouse o ruído dun trono, algo verdadeiramente estraño para a época do ano en que nos atopabamos. O alustro primeiro e o ruído a continuación fixo que a casa tremese desde os mesmos alicerces. Así e

todo, o ancián, totalmente abstraído no seu relato, semellaba non se decatarse.

—Matar ovellas era moi agradábel, sabe vostede? Pero non o era tanto sen ollar para o gravado. É ben raro como un chega sentir entusiasmo con algo así. Confío en que vostede non revelará o que lle vou dicir. Xúrolle por Deus que vía o gravado e desatábaseme unha fame de alimentos que non podía mercar nin cultivar... non se poña nervioso... ocórrelle algo? Despois de todo, non fixen nada... Só me preguntaba que acontecería de o facer. Disque a carne é boa para o corpo humano, que anova a vida, así que me preguntaba se unha persoa non podería prolongar moito máis a súa vida se lle dese por consumir unha carne máis semellante á súa.

Neste punto o murmuro do ancián extinguiuse completamente. A interrupción non se debeu ao terror que evidentemente eu non podía disimular, nin á tempestade cada vez máis furiosa. A razón residía nun feito moito máis sinxelo, aínda que extraordinario.

Fronte a nós estaba o libro aberto, como non, co gravado abominábel ollando para arriba. Ao pronunciar o ancián a derradeira frase ouviuse un sutil pingar sobre o papel amarelado do gravado. Ao comezo pensei que se trataría dunha pingueira que se escoara por algunha das moitas físgoas do teito, mais a chuvia non é vermella. Sobre a carnizaría dos caníbales de Anzique refulxía unha pequena pinga de cor carmesí que engadía unha intensidade adicional ao xa de seu espantoso detalle. Foi ao ver esa pinga cando o ancián deixou de falar, decontado ergueu a cabeza dirixindo a mirada ao andar do que baixara un intre antes.

Acompañei a traxectoria da súa mirada e exactamente enriba de nós vin unha gran mancha irregular dunha sustancia húmida e

avermellada que semellaba ir expandíndose a medida que a mirada continuaba pousada sobre ela. Permanecín inmóbil e en silencio onde me atopaba, mais sen poder aturar o espectáculo fechei os ollos. Un intre despois ouvín como se descargaba outro raio terríbel, que desta volta atinou de cheo na casa facéndoa saltar polo ar e esborrallando para sempre os seus segredos máis ocultos. Tamén envorcou o esquecemento sobre min, que permitiu a salvación da miña mente.



FEITOS ARREDOR DO FINADO ARTHUR JERMYN E A SÚA FAMILIA

[*Facts Concerning the Late Arthur Jermyn and His Family* escribiuse en 1920 e publicouse no xornal *The Wolverine*, nos meses de marzo e xuño de 1921.]

A vida é algo abominábel e tras do que coñecemos sobre ela aparecen indicios demoníacos que a volven infinitamente máis abominábel por momentos. A ciencia, que xa nos oprime coas súas tremendas revelacións, será se cadra a que aniquile finalmente a especie humana —se é que somos unha especie á marxe—, porque os cerebros dos mortais xamais serán quen de abranguer os terrores insospeitados que nos reserva, no caso de que se desatasen no mundo. Se soubésemos o que somos fariamos o que fixo Arthur Jermyn, que enchoupou a súa vestimenta de petróleo e se prendeu lume unha noite. Ninguén gardou os seus restos carbonizados nunha urna nin erixiu un monumento funerario na súa honra, xa que apareceron certos documentos e certo obxecto dentro dunha caixa, que fixeron que os

mortais preferisen esquecelo. Algúns dos que o coñecían mesmo negan que existise xamais.

Arthur Jermyn saíu aos baldíos e prendeuse lume logo de ollar para o obxecto da caixa, chegado de África. Foi devandito obxecto e non o seu estraño aspecto persoal, o que o impulsou a se tirar a vida. Son moitos os que non aturarían a existencia de teren os estraños trazos de Arthur Jermyn, mais el era poeta e persoa de ciencia, e nunca lle importou o seu aspecto físico.

Levaba o saber no sangue. O seu bisavó, o barón Robert Jermyn, fora un antropólogo de gran sona. O seu tataravó, Wade Jermyn, fora un dos primeiros exploradores da rexión do Congo e autor de múltiples estudos eruditos sobre as súas tribos salvaxes e supostas ruínas. Abofé, Wade estaba dotado dunha intelectualidade moi próxima á manía e a súa extravagante teoría sobre unha civilización branca no Congo levouno a ser o albo de ataques cargados de retranca cando apareceu o seu libro *Reflexións arredor das distintas partes de África*. En 1765, este intrépido explorador foi internado nun manicomio de Huntingdon.

Todos os Jermyn posuían un aquel de tolemia e a xente aledábase de que non fosen moitos. A familia non ramificara e Arthur foi o derradeiro rebento. De non ser así, non se sabe que podería acontecer cando chegou o obxecto aquel. Os Jermyn xamais tiveron un aspecto completamente normal, había algo estraño neles, malia que o caso de Arthur foi o peor e os vellos retratos de familia da Casa Jermyn anteriores a Wade amosaban rostros de bastante fermosura. Non hai dúbida de que a tolemia comezou con Wade, cuxas historias extravagantes sobre África facían a un tempo as delicias e o terror dos seus novos amigos. Ficou reflectida na súa colección de trofeos e exemplares, moi distintos dos que unha persoa normal colleccionaría e

conservaría, e manifestouse de xeito sorprendente na reclusión oriental en que mantivo a súa muller. Segundo el, ela era filla dun comerciante portugués que coñecera en África e non compartía os costumes ingleses. Trouxéraa xunto cun fillo pequeno nado en África á volta da súa segunda viaxe, a máis longa de todas. Despois ela acompañouno no terceiro e último, do que non regresou.

Ninguén a viu de preto, nin sequera os criados, por mor do seu carácter estraño e violento. Durante a breve estancia desta muller na mansión dos Jermyn, ocupou unha á remota e foi atendida tan só polo seu marido. Wade foi, abofé, moi particular nas súas atencións cara á familia, pois cando regresou de África non consentiu que ninguén atendese o seu fillo agás unha noxenta criada de Guinea. Cando volveu, logo da morte de lady Jermyn, el fíxose cargo por completo dos coidados do cativo.

Porén, foron as palabras de Wade, sobre todo cando andaba bébedo, as que fixeron supor aos seus amigos que estaba tolo. Nunha época da razón como e o século XVIII, era unha temeridade que un home de ciencia falase de visións insensatas e paisaxes estrañas baixo a lúa do Congo; de xigantescas murallas e alicerces dunha cidade esquecida, en ruínas e invadida pola vexetación, e de escalinatas húmidas e secretas que descendían sen fin á escuridade de criptas abismais e catacumbas alén de toda concepción. Por riba de todo era unha temeridade falar dun xeito tan delirante sobre os seres que poboaban tales lugares: criaturas metade da xungla, metade desa cidade antiga e impía... seres que o propio Plinio describiría con escepticismo e que puideron xurdir despois de que os grandes simios invadisen a moribunda cidade das murallas e os alicerces, das criptas e as misteriosas esculturas.

Así e todo, despois da súa última viaxe, Wade falaba desas cuestións cun entusiasmo a un tempo arrepiado e misterioso, case sempre despois do seu terceiro vaso no Knight's Head, cando se gababa do que descubrira na selva e de que vivira entre certas ruínas terríbeis que só el coñecía. E ao final falaba de tal xeito sobre os seres que alí vivían, que acabaron por internalo no manicomio. Non manifestou gran pesar cando o encerraron na cela de Huntingdon, xa que a súa mente funcionaba dun xeito particular. A partir do momento en que o seu fillo comezara a saír da infancia, fóralle gustando cada vez menos o fogar, até que ultimamente semellaba darlle arrepíos. O Knight's Head chegou a se converter no seu domicilio habitual e cando o encerraron, manifestou unha certa gratitude, como se para el fose unha especie de protección. Finou tres anos despois.

Philip, o fillo de Wade Jermyn, foi unha persoa extremadamente rara. Malia a gran semellanza física que tiña co seu pai, o seu aspecto e comportamento eran en moitos detalles tan bastos que todos acabaron por evitalo. Aínda que non herdou a tolemia como algúns temían, era bastante zoupón e con tendencia a ataques violentos periódicos. De estatura pequena, así e todo contaba cunha forza e unha axilidade incríbeis. Aos doce anos de recibir o seu título casou coa filla do seu gardamontes, quen, segundo se dicía, era de orixe xitana. Porén, antes de que o seu fillo nacesse, alistouse na mariña de guerra como mariñeiro raso, o que culminou a repugnancia xeral que os seus hábitos e o seu casamento xa espertaran. Ao rematar a guerra de América, comentouse que ía de mariñeiro nun barco mercante que se dedicaba ao comercio en África, onde gañara boa reputación coas súas proezas de forza e soltura para rubir pola cordada, mais finalmente desapareceu unha noite mentres o seu barco se achaba fondeado fronte á costa do Congo.

Co fillo de Philip Jermyn, a xa ben coñecida peculiaridade familiar tomou un rumbo estraño e fatal. Alto e bastante ben parecido, cunha especie de misterioso aquel oriental malia as súas proporcións físicas un tanto peculiares, Robert Jermyn iniciou unha vida de erudito e investigador. Foi o primeiro en estudar do punto de vista da ciencia a inmensa colección de reliquias que o seu avó demente trouxera de África, feito polo que o seu apelido colleu sona no eido da etnoloxía e a exploración. En 1815, Robert casou coa filla do sétimo vizconde de Brightholme, con cuxo matrimonio recibiu a beizón de tres fillos, o maior e o menor dos cales xamais foron vistos en público por mor das súas deformidades físicas e psíquicas. Atafegado por estes reveses do destino, o científico refuxiouse no seu traballo e fixo dúas longas expedicións ao corazón de África. En 1849, o seu segundo fillo, Nevil, persoa especialmente noxenta que semellaba combinar o mal xenio de Philip Jermyn e a arrogancia dos Brightholme, fuxiu cunha simple bailarina, aínda que ao seu regreso recibiu o perdón da familia, un ano despois. Volveu á mansión Jermyn, viúvo e cun cativo, Alfred, que sería co tempo pai de Arthur Jermyn.

Os seus amigos contaban que foi esta serie de desgrazas a que revirou o xuízo de Robert Jermyn, malia que probabelmente a culpa fora só de certas tradicións africanas. O maduro científico estivera a recompilar lendas das tribos onga, próximas ao territorio que o seu avó e tamén el mesmo exploraran, coa esperanza de explicar dalgún xeito as extravagantes historias de Wade arredor dunha cidade perdida na que moraban estrañas criaturas. Certa coherencia nos estraños manuscritos do seu antepasado suxería que a imaxinación do demente puidera ser estimulada polos mitos nativos. O 19 de outubro de 1852, o explorador Samuel Seaton visitou a mansión dos Jermyn levando consigo un

manuscrito e notas recollidas entre os onga, convencido de que ao etnólogo lle podían resultar de utilidade certas lendas arredor dunha cidade gris de monos brancos gobernada por un deus branco. Durante a súa conversa debeu de fornecérllle sen dúbida moitos detalles adicionais, cuxa natureza xamais chegará a se coñecer, dada a espantosa serie de traxedias que se sucederon de socato.

Cando Robert Jermyn saíu da súa biblioteca, deixou tras de si o corpo esganado do explorador e antes de que conseguisen detelo, puxera fin á vida dos seus tres fillos: os dous que non viran a luz xamais e o que fuxira. Nevil Jermyn morreu defendendo o seu fillo de dous anos, cousa que conseguiu, e cuxo asasinato entraba tamén, polo visto, nas loucas maquinacións do vello. O propio Robert, logo de repetidos intentos de se tirar a vida e unha negativa absoluta a soltar nin un chío, morreu dun ataque de apoplexía ao segundo ano da súa reclusión.

Alfred Jermyn foi barón antes de cumprir os catro anos, mais os seus gustos xamais estiveron á altura do seu título. Aos vinte, uniuse a unha banda de músicos, e aos trinta e seis abandonara xa a súa muller e mais o seu fillo para se unir a un circo ambulante americano. O seu final foi verdadeiramente noxento. Entre os animais do espectáculo co que viaxaba había un enorme gorila macho de cor algo máis clara do normal. Tratábase dun animal dun trato sorprendentemente bo e de gran popularidade entre os artistas da compañía. Alfred Jermyn sentíase fascinado por este gorila e en moitas ocasións os dous quedaban fitando para os ollos do outro a través dos barrotes.

Finalmente, Jermyn conseguiu que lle permitisen adestrar o animal, cousa que espertou o abraio dos espectadores e dos seus compañeiros. Unha mañá, en Chicago, cando o gorila e Alfred Jermyn ensaiaban un combate de boxeo moi enxeñoso, o primeiro bateu no segundo cun

golpe máis forte do habitual, cousa que magoou o corpo e a dignidade do domador afeccionado. Os compoñentes de «O Maior Espectáculo do Mundo» prefiren non falar do que seguiu. Non agardaban ouvir o berro arrepiante e inhumano que proferiu Alfred, nin velo agarrar o seu zoupón antagonista con ambas as mans, guindalo con forza contra o chan da gaiola, e trabarlle con furia na gorxa peluda. Collera o gorila por sorpresa, mais este non tardou en reaxir, e antes de que o domador oficial puidese facer ren, o corpo que pertencera ao barón quedara irrecoñecíbel.

II

Arthur Jermyn era fillo de Alfred Jermyn e dunha cantante de *music-hall* de orixe descoñecida. Cando o marido e pai abandonou a súa familia, a nai levou o cativo á Casa dos Jermyn, onde non ficaba ninguén que se opuxese á súa presenza alí. Ela non carecía de idea sobre o que debe ser a dignidade dun nobre, e coidou de que o seu fillo recibise a mellor educación que a súa limitada fortuna lle podía fornecer. Os recursos familiares eran agora ben magros, e a Casa dos Jermyn caera nunha penosa ruína. Porén, o mozo Arthur amaba o vello edificio con todo o que contiña. A diferenza dos Jermyn anteriores, era poeta e soñador. Algunhas das familias da veciñanza que ouviran contar historias sobre a invisíbel esposa portuguesa de Wade Jermyn afirmaban que estas afeccións súas revelaban o seu sangue latino, mais a maioría da xente mofábase da súa sensibilidade ante a beleza e atribuíaa á súa nai cantante, a quen nunca aceptaran socialmente.

A delicadeza poética de Arthur Jermyn era moito máis notábel se se tiña en conta o seu basto aspecto físico. A meirande parte dos Jermyn

tivera sempre un certo aquel sutilmente estraño e noxento. Así e todo, o caso de Arthur era abraiante. É difícil dicir con precisión a que se parecía; no entanto, a súa expresión, o ángulo da súa faciana e a lonxitude dos seus brazos producían un gran noxo en quen o vía pola primeira vez.

A intelixencia e o carácter de Arthur Jermyn, así e todo, compensaban o seu aspecto. Culto e con talento, acadou as máis altas honras en Oxford e semellaba destinado a restituír a sona de intelectualidade á familia. Aínda que de carácter máis poético que científico, tiña pensado continuar a obra dos seus antepasados en arqueoloxía e etnoloxía africanas, para a que pretendía empregar a prodixiosa malia que estraña colección de Wade. Arrastrado pola súa mentalidade imaxinativa, pensaba a miúdo na civilización prehistórica na que o explorador tolo crera con todo fervor, e tecía relato tras relato arredor da silenciosa cidade da selva mencionada nas últimas e máis extravagantes anotacións. Aquelas palabras esvaídas sobre unha atroz e descoñecida especie de híbridos da selva producíanlle un estraño sentimento, mestura de terror e fascinación, cando especulaba sobre o fundamento que podía acharse tras de semellante fantasía e trataba de extraer algunha luz dos datos que o seu bisavó e mais Samuel Seaton recolleran entre os onga.

En 1911, despois da morte da súa nai, Arthur Jermyn decidiu proseguir as súas pescudas até o final. Vendeu parte das súas propiedades a fin de obter os cartos precisos, preparou unha expedición e partiu con destino ao Congo. Contratou un grupo de guías con axuda das autoridades belgas e pasou un ano nas rexións de Onga e Kaliri, onde descubriu moitos máis datos dos que el agardaba. Entre os kaliri había un vello xefe chamado Mwanu, que posuía non só unha gran

memoria, senón un grao de intelixencia fóra do común, e un grande interese polas tradicións antigas. Este ancián confirmou a historia que Jermyn ouvira, engadindo o seu propio relato sobre a cidade de pedra e os monos brancos, tal e como el a ouvira contar.

Segundo Mwanu, a cidade gris e as criaturas híbridas desapareceran, exterminadas polos belicosos n'bangus, moitos anos atrás. Esta tribo, logo de destruír a meirande parte dos edificios e matar todos os seres viventes, levara a deusa disecada que fora o obxecto da incursión: a deusa-mono branca á que adoraban os estraños seres e cuxo corpo atribuían as tradicións do Congo a que reinara como princesa entre eles. Mwanu non tiña ningunha idea sobre o aspecto que deberan de ter aquelas criaturas brancas e próximas aos simios, mais estaba convencido de que foran elas as que construíran a cidade en ruínas. Jermyn non foi quen de se facer unha opinión clara. Así e todo, logo de numerosas preguntas, conseguiu unha pintoresca lenda sobre a deusa disecada.

A princesa-mono, contaban, convertérase en esposa dun gran deus branco chegado de Occidente. Durante moito tempo, reinaran xuntos na cidade, pero cando lles nacera un fillo, marcharan da rexión. Máis tarde, o deus e a princesa regresaran e cando ela morreu, o seu divino esposo ordenara momificar o seu corpo e entronizárao nunha inmensa construción de pedra, onde se converteu en obxecto de adoración. Logo volveu marchar só. A lenda presentaba aquí tres variantes. Segundo unha delas, non ocorreu máis nada agás que a deusa disecada se tornou en símbolo de supremacía para a tribo que a posuíse. Este era o motivo polo que os n'bangus a roubaron. Unha segunda versión aludía ao regreso do deus e a súa morte aos pés da venerada esposa. En canto á terceira, falaba do retorno do fillo, xa home —ou simio, ou deus,

segundo o caso—, aínda que ignorante da súa identidade. Sen dúbida os imaxinativos nativos tiraran o máximo partido do que subxacía en lenda tan extravagante, fose o que for.

Arthur Jermyn non dubidou xa da existencia da cidade que o vello Wade describira e tampouco se estrañou cando, a comezos de 1912, deu co que quedaba dela. Comprobou que se esaxeraran as súas dimensións, pero as pedras espaxadas probaban que non se trataba dun simple poboado das tribos locais. Por desgraza, non conseguiu atopar representacións escultóricas e a dimensión modesta da expedición impediu emprender o traballo de despegar o único pasadizo visíbel que semellaba conducir a certo sistema de criptas que Wade mencionaba. Preguntou a todos os xefes nativos da rexión sobre os monos brancos e a deusa momificada, pero foi un europeo quen puido ampliarlle os datos que lle fornecera o vello Mwanu. Un axente belga dunha factoría do Congo, M. Verhaeren, cría que podía non só localizar, senón conseguir tamén, a deusa momificada, da que ouvira falar de xeito esvaído, dado que os noutro tempo poderosos n'bangus eran agora servos submisos do goberno do rei Alberto, e sen moito esforzo podería convencelos de que se desprendesen da horrenda deidade da que se apoderaran noutros tempos. Daquela, cando Jermyn partiu para Inglaterra, fíxoo coa esperanza de que, no prazo duns meses, podería recibir a inestimábel reliquia etnolóxica que confirmaría a máis extravagante das historias do seu devanceiro, que era a máis disparatada de cantas el ouvira nunca. Mais se cadra os campesiños que vivían na veciñanza da Casa dos Jermyn ouviran historias máis extravagantes aínda da boca de Wade, arredor das mesas do Knight's Head.

Arthur Jermyn agardou con paciencia a esperada caixa de M. Verhaeren, estudando namentres con interese crecente os manuscritos

que deixara o seu tolo antepasado. Comezaba a se sentir cada vez máis identificado con Wade e andaba na procura de vestixios da súa vida persoal en Inglaterra, así como das súas fazañas africanas. Os relatos orais sobre a esposa misteriosa e reclusa eran numerosos, mais non quedaba ningunha proba tanxíbel da súa estancia na Mansión Jermyn.

Jermyn preguntábase que circunstancias puideran propiciar ou permitir semellante desaparición e supuxo que a principal debiera de ser o alleamento mental do marido. Lembra que se dicía que a nai do seu tataravó era filla dun comerciante portugués que se establecera en África. Sen ningunha dúbida, o sentido práctico que herdara do seu pai sumado ao seu coñecemento superficial do Continente Negro, movéranos a se mofar das historias que contaba Wade sobre o interior. Iso era algo que un home coma el non debeu esquecer. Ela morrera en África, onde sen dúbida o seu home a levara á forza, decidido a probar o que dicía. Pero cada vez que Jermyn se mergullaba nestas reflexións, non podía menos que sorrir ante a súa futilidade, un século e medio despois do pasamento dos seus estraños devanceiros.

En xuño de 1913 chegoulle unha carta de M. Verhaeren na que lle notificaba que atopara a deusa disecada. Tratábase, dicía o belga, dun obxecto absolutamente extraordinario, un obxecto imposible de clasificar para un profano. Só un científico podía determinar se se trataba dun simio ou dun ser humano. Así e todo, a súa clasificación sería moi difícil dado o seu estado de deterioro. O tempo e o clima do Congo non son favorábeis para as momias, especialmente cando consisten en preparacións de afeccionados, como polo visto acontecera neste caso. Arredor do pescozo da criatura atopouse unha cadea de ouro que sostíña un relicario baleiro con adornos nobiliarios, sen dúbida recordo dalgún infortunado viaxeiro a quen deberon de arrebatarllo os

n'bangus para o pendurar do pescozo da deusa a modo de talismán. Comentando as faccións da deusa, M. Verhaeren facía unha fantástica comparación, ou máis ben aludía con humor ao moito que ía sorprendellev ao seu correspondente, pero estaba demasiado interesado cientificamente para se estender en trivialidades. A deusa momificada, anunciaba, chegaría debidamente embalada un mes despois da carta.

O envío chegou á casa dos Jermyn a tarde do 3 de agosto de 1913 e trasladárono decontado á gran sala que aloxaba a colección de exemplares africanos, tal como foran ordenados por Robert e Arthur. O que aconteceu a continuación pode deducirse do que contaron os criados e tamén dos obxectos e documentos que máis tarde foron obxecto de análise.

Das diversas versións, a do mordomo da familia, o ancián Soames, é a máis ampla e coherente. Segundo este fiel servidor, Arthur ordenou a todo o mundo que se retirase da estancia antes de abrir a caixa. Decontado os ruídos do martelo e o cicel indicaron que non decidira aprazar a tarefa. Durante un intre non se escoitou máis nada. Soames non podía precisar canto tempo, pero menos dun cuarto de hora despois, sen dúbida, ouviu un ouveo terríbel cuxa voz pertencía inequivocamente a Jermyn. Acto seguido Arthur saíu da estancia e botou a correr como un tolo en dirección á entrada, como se algún espantoso inimigo o estivese a perseguir. A expresión da súa faciana —bastante horríbel xa de seu— estaba alén de toda descrición. Ao chegar á porta, pareceu que se lle ocorrera unha idea, deu media volta, botou a correr e desapareceu finalmente pola escaleira do soto.

Os criados ficaron no alto mirando sen dar creto, mais o señor non volveu. Chegoulles, iso si, un cheirume a petróleo. Xa de noite ouviron o ruído da porta que comunicaba o soto co patio e o mozo das cortes viu

saír furtivamente a Arthur Jermyn, todo reluciente de petróleo, e desaparecer cara ao negro páramo que rodeaba a casa. Logo, nunha exaltación de horror supremo, presenciaron todos a fin. Do baldío xurdiu unha faísca, elevouse unha labarada, e unha columna de lume humano alcanzou os ceos. A estirpe dos Jermyn deixara de existir.

O motivo polo que non se recolleron os restos carbonizados de Arthur Jermyn para os soterrar áchase no que atoparon despois e, sobre todo, no obxecto da caixa. A deusa disecada constituía unha visión ben noxenta, engurrada e consumida; mais era claramente un mono branco momificado de especie descoñecida, menos peludo que ningunha das variedades rexistradas e infinitamente máis próximo ao ser humano... abraiantemente próximo. A súa descrición detallada resultaría ben desapracíbel. Porén, hai dous detalles que hai que mencionar, xa que encaixan espantosamente con certas notas de Wade Jermyn sobre as expedicións africanas e coas lendas do Congo sobre o deus branco e a princesa-mono. Os dous detalles en cuestión son os seguintes: as armas nobiliarias do relicario de ouro que devandita criatura levaba no pescozo eran as dos Jermyn e a riseira alusión de M. Verhaeren a certo parecido que lle lembraba o rostro apergamiñado, axustábase cun horror vívido, espantoso e intenso, nada menos que ao do sensíbel Arthur Jermyn, fillo do tataraneto de Wade Jermyn e da súa descoñecida esposa. Os membros do Real Instituto de Antropoloxía queimaron aquel ser, guindaron o relicario a un pozo e algúns deles negan que Arthur Jermyn existise xamais.



O PANTANO DA LÚA

[*The Moon Bog* escribiuse nos primeiros meses 1921 e publicouse cinco anos despois, no número de xuño de 1926 da revista *Weird Tales*.]

Denys Barry desapareceu nalgunha rexión espantosa e remota da que non sei ren. Estabamos xuntos a última noite que pasou entre a humanidade e puideron ouvir os seus berros cando o ser o atacou. Porén, nin todos os campesiños e policíaas do condado de Meath puideron dar con el nin tampouco cos outros, aínda que os buscaron por toda a contorna. E agora sinto arrepíos cando escoito cantar as ras nos pantanos ou vexo a lúa en lugares solitarios.

Fixérame bo amigo de Denys Barry nos Estados Unidos, onde el amasou a súa fortuna, e feliciteino cando volveu mercar o vello castelo xunto ao pantano na tranquila Kilderry. De alí era o seu pai e alí era onde quería gozar da súa fortuna, entre as paraxes dos seus devanceiros. Os da súa estirpe, noutro tempo eran señores en Kilderry, construíran e moraran no castelo, mais aqueles días ficaban no pasado, así que durante xeracións o lugar permanecera baleiro e arruinado.

Logo de volver a Irlanda, Barry escribíame a miúdo para me contar como, grazas aos seus coidados, o castelo gris vía erguerse unha torre e logo outra sobre os seus muros restaurados, tal e como se ergueran xa tantos séculos atrás, e como os campesiños o bendicían por devolver os antigos días de esplendor co seu ouro do outro lado do océano. Así e todo, máis tarde xurdiron problemas e os campesiños deixaron de o bendicir e comezaron a evitalo como a unha maldición. Daquela envioume unha carta pedíndome que o visitase, xa que ficara só no castelo, sen ninguén con quen falar fóra dos novos criados e peóns que contratara no norte.

A fonte de todos os problemas era o pantano, segundo me contou Barry a noite da miña chegada ao castelo. Alcancei Kilderry no solpor do verán, mentres o ouro dos ceos iluminaba o verde dos outeiros e as fragas e o azul das brañas, onde, sobre un afastado illote, unhas estrañas ruínas antigas resplandecían, espectrais. O poñente resultaba ben fermoso, mais os campesiños de Ballylough puxéranme sobre aviso e dicían que Kilderry estaba maldita, polo que case sentín un arreguizo cando enxerguei os altos torreóns dourados polo lume do ceo. O coche de Barry recollérame na estación de Ballylough, xa que o tren non pasa por Kilderry. Os aldeáns esquivaran o vehículo e o seu condutor, que procedía do norte, mais a min murmuráronme cousas, pálidos cando souberon que me dirixía a Kilderry. E esa noite, logo do noso encontro, Barry contoume por que os aldeáns abandonaran Kilderry. O motivo non era outro que Denys Barry tiña a intención de dragar o gran pantano. Malia o seu grande amor por Irlanda, Estados Unidos non o deixara intacto e odiaba ver abandonada a ampla e fermosa extensión da que podía extraer turba e desecar as terras. As lendas e supersticións non conseguiron que mudase de opinión e riu cando os aldeáns

primeiro rexeitaron prestarlle axuda e máis tarde, cando o viron tan decidido, maldicírono e marcharon a Ballylough coas súas escasas pertenzas. No seu lugar contratou traballadores do norte e cando os criados o abandonaron tamén os substituíu. Pero Barry atopábase só entre forasteiros, así que me pediu que o visitase.

Cando souben que temores fixeran fuxir a xente de Kilderry rin tanto como o meu amigo, xa que aqueles seus medos eran da clase máis indeterminada, rocambolesca e absurda. Tiñan que ver con algunha lenda sen sentido relacionada co pantano e cun espírito gardián arrepiante que habitaba as estrañas ruínas antigas do afastado illote que eu dexergara ao solpor.

Contos de luces que danzaban no lusquefusque da lúa e ventos xeados que sopraban cando a noite era cálida. Andrómenas sobre fantasmas brancos que roldaban sobre as augas e dunha suposta cidade de pedra mergullada baixo a superficie lamacenta. Pero por riba de todas esas fantasías tolas estaba aquilo de que a maldición había caer sobre quen ousase tocar ou drenar o inmenso pantano avermellado. Había segredos, dicían os campesiños, que non debían revelarse; segredos que permanecían ocultos desde que a praga exterminara os fillos de Partholon, nos fabulosos anos que precederon á historia. No *Libro das invasións* cóntase que eses fillos dos gregos foron todos soterrados en Tallaght, pero os vellos de Kilderry falan dunha cidade protexida pola súa deusa da lúa tutelar, así como dos montes boscosos que a ampararon cando as xentes de Nemed chegaron de Escitia cos seus trinta barcos.

Tales eran os contos que conduciran os aldeáns ao abandono de Kilderry, e cando os ouvín non me resultou estraño que Denys Barry non quixese prestarlles atención. Sentía, no entanto, grande interese polas antigüidades, e estaba disposto a explorar o pantano a fondo. Ía

con frecuencia ás ruínas brancas do illote mais, aínda que evidentemente eran moi antigas e o seu estilo gardaba moi pouca relación coa maioría das ruínas irlandesas, atopábase demasiado deteriorado para que un se puidese facer unha idea da súa época de gloria. Agora estaban a piques de dar comezo os traballos de drenaxe e os traballadores do norte axiña habían desposuír o pantano prohibido da carriza averdada e da herba cor tella, e aniquilarían os pequenos regatos sementados de cunchas e os tranquilos estanques azuis bordeados de xuncos.

Sentinme moi canso logo de que Barry me contase todo aquilo, xa que a viaxe durante o día resultara fatigosa e o meu anfitrión estivera a falar até ben entrada a noite. Un criado conducíume á miña alcoba, que se achaba nunha torre afastada desde a que se dominaba a aldea e a chaira que había ao pé das augas mansas, así como o propio pantano, polo que, á luz da lúa, puider ver desde a xanela as silenciosas casas abandonadas que agora aloxaban os traballadores do norte, e tamén observei a igrexa parroquial co seu antigo campanario e, de lonxe, no pantano que semellaba á espreita, as remotas ruínas antigas, tremelucindo esbrancuxadas e fantasmais sobre o illote.

Ao me deitar, crin escoitar sons febles na distancia, sons estraños e dotados de certa musicalidade que me provocaron unha rara excitación que invadiu os meus soños. Na mañá seguinte, cando acordei, sentín que todo fora un soño, xa que as visións que tiveren resultaban máis maravillosas que calquera son de frautas salvaxes na noite. Influída pola lenda que me contara Barry, a miña mente andara en soños arredor dunha imponente cidade sita nun val verde cuxas rúas e estatuas de mármore, vilas e templos, frisos e inscricións, evocaban de xeitos diversos a gloria de Grecia. Cando compartín ese soño co meu anfitrión

botamos a rir xuntos. No entanto, eu ría máis, porque el estaba perplexo ante a actitude dos seus traballadores do norte. Por sexta vez ficaran durmidos e espertaran dun xeito moi lento, como atordados, e actuaban como se se non descansasen, malia que se deitaran cedo.

Esa mañá e esa tarde roldei a soas pola aldea bañada polo sol, falando aquí e acolá cos fatigados obreiros, xa que Barry estaba ocupado cos plans finais para comezar o seu traballo de desecación.

Os peóns non estaban tan contentos como deberían, xa que a meirande parte semellaba desacougada por mor dalgún soño, aínda que tentaban lembralo en balde. Conteilles o meu, pero non se interesaron por el até que non mencionei os sons estraños. Daquela observáronme dun xeito ben peculiar e afirmaron que eles tamén crían lembrar sons estraños.

Á tardiña Barry ceou comigo e díxome que comezaría a drenaxe en dous días. Eu aledeime, xa que malia que me desgustaba ver a carriza e a herba e os pequenos regatos e estanques desaparecer, sentía desexo crecente de pousar os ollos sobre os segredos pretéritos que a turba puidese agochar. E esa noite os soños co son de frautas e con peristilos de mármore tivo un final brusco e inquietante, xa que vin caer sobre a cidade do val unha praga e logo a espantosa avalancha das abas boscosas que cubriron os corpos mortos nas rúas e deixaron exposto só o templo de Artemis no alto, onde Cleis, a anciá sacerdotisa da lúa, xacía fría e silenciosa cunha coroa de marfil sobre as súas tempas de prata.

Dixen que acordei de socato e alarmado. Durante un intre non fun quen de distinguir se me achaba esperto ou durmido, mais cando vin sobre o chan o xeadado resplandor da lúa e os perfís dunha xanela gótica enreixada, decidín que debía de estar esperto e no castelo de Kilderry. Daquela escoitei un reloxo nalgún afastado relanzo do andar inferior

que tocaba as dúas, e souben que estaba esperto. Pero aínda me chegaba o monótono chifre de frauta na distancia; unha airexa estraña e salvaxe suxeríame algunha danza de faunos no remoto Ménalo. Non me permitía durmir, así me erguín, impaciente. Só por casualidade cheguei á xanela que daba ao norte e albisquei a aldea silandeira e a chaira ao pé do pantano. Non quería mirar, xa que o que desexaba era durmir, pero as frautas atormentábanme e tiña que facer ou mirar algo. Como sospeitar o que estaba a piques de ver?

Alí, á luz da lúa que fluía sobre o espazoso prado, desenvolvíase un espectáculo que ningún mortal que o presenciase podería esquecer xamais.

Ao son de frautas de cana que espertaban ecos sobre o pantano, deslizábase silenciosa e arrepiante unha multitude de figuras oscilantes, que acometían unha danza circular como as que os sicilianos debían executar en honra a Deméter nos vellos días, baixo a lúa da colleita, xunto a Ciane. A ampla chaira, a dourada luz do luar, as siluetas que danzaban entre as sombras e, ante todo, o estridente e monótono son das frautas, case me paralizou, aínda que malia o meu arrepío percibín que a metade daqueles seres danzantes eran os peóns que eu crera durmidos, mentres que a outra metade eran estraños seres brancos e etéreos, de natureza indefinida, que así e todo lembraban a náíades meditaundas e pálidas das ameazadas fontes do pantano.

Non sei canto estiven a enxergar esa visión desde a xanela da torre solitaria, antes de me esborrallar de socato nun desmaio sen soños do que me sacou o sol da mañá, que xa brillaba alto no ceo.

A miña primeira intención ao espertar foi comunicar a Denys todos os meus temores e observacións, mais cando vin o brillo do sol a través da xanela convencinme de que o que crera ver non era algo real. Teño

tendencia a fantasías estrañas, aínda que non adoito crelas, polo que desta volta limíteime a interrogar os peóns, que durmيران até moi tarde e non lembraban ren da noite anterior agás soños esvaídos de sons estridentes. Este asunto do chifre espectral de frautas atormentábame de verdade e pregunteime se os grilos de outono chegarían antes de tempo para amolar as noites e acosar as visións dos humanos.

Máis tarde atopei a Barry na biblioteca, enchoupado nos planos para a gran tarefa do día seguinte, e por primeira vez sentín un bocado do mesmo medo que escorrentara os campesiños. Por algunha razón descoñecida, sentía pavor ante a idea de molestar o antigo pantano e os seus tenebrosos segredos, e imaxinei visións terríbeis que xacían na negrura baixo as profundidades insondáveis da antiga turba. Parecíame unha tolemia sacar tales segredos á luz e comecei a desexar ter unha escusa para abandonar o castelo e a aldea. Fun tan lonxe como para mencionar de pasada o tema a Barry, mais non me atrevín a proseguir cando soltou unha das súas sonoras risadas. Daquela gardei silencio cando o sol se afundía xa sobre os afastados outeiros e Kilderry cubriuse de vermello e ouro no medio dun resplandor semellante a un prodixio.

Nunca saberei de certo se os feitos que tiveron lugar esa noite foron realidade ou produto da miña imaxinación. O certo é que van alén de calquera cousa que sexamos quen de supor obra da natureza ou do universo, aínda que non é posíbel dar unha explicación natural a esas desaparicións que foron coñecidas máis tarde. Retireime cedo e ateigado de temores, e durante longo tempo non puiden coller o sono no aterrecedor silencio da noite. Estaba moi escuro, xa que malia que o ceo estaba despexado, a lúa estaba case nova e non sairía até a madrugada. Mentres estaba deitado pensei en Denys Barry e no que podía acontecer naquel pantano ao chegar o abrente, e descubrinme case frenético polo

impulso de correr na escuridade, coller o coche do meu anfitrión e conducir enlouquecido cara a Ballylough, fóra das terras ameazadas. Así e todo, antes de que os meus temores puidesen concretarse en accións, durmira e albiscara soños sobre a cidade do val, fría e morta baixo un sudario de sombras arrepiantes.

Probabelmente foi a aguda melodía das frautas a que me espertou, aínda que non foi iso o primeiro no que reparei ao abrir os ollos. Atopábame deitado de costas á xanela leste, desde a que se dexergaba o pantano e por onde a lúa minguante se erguería, e polo tanto eu agardaba ver incidir a luz sobre o muro oposto, fronte a min. Porén, non agardaba ver o que apareceu. A luz, abofé, iluminaba os cristais da fronte, pero non se trataba do resplandor que dá a lúa. Terríbel e penetrante resultaba o caudal de refulxencia vermella que fluía a través da xanela gótica, e a estancia enteira brillaba envolvida nun fulgor intenso e ultraterreal. As miñas accións inmediatas resultaron ben peculiares para tal situación, mais só nas fábulas a xente actúa de xeito dramático e previsíbel. No canto de mirar cara ao pantano na procura da fonte desa nova luz, apartei os ollos da xanela, cheo de terror, e vestinme sen moito xeito coa idea parva de fuxir. Lembro coller chapeu e revólver, mais antes de acabar perdera ambos os dous sen disparar un nin encasquetar o outro.

Pasado un tempo, a fascinación da luzada vermella venceu o medo que me atoaba e arrastreime até a xanela oeste, para ollar mentres o incesante e enlouquecedor chifrar de fruta se laiaba e reverberaba a través do castelo e sobre a aldea.

Por riba do pantano caía un diluvio de luz ardente, escarlata e sinistra, que xurdía da estraña e arcaica ruína do illote afastado. Non podo describir o aspecto desas ruínas. Debía de estar demente, xa que

semellaba erguerse maxestosa e pletórica, espléndida e arrodeada de columnas, e o reflexo das labaradas sobre o mármore da construción fendía o ceo como a cúspide dun templo no cumio dunha montaña. As frautas berraban e os tambores comezaron a redobrar, e mentres eu observaba cheo de arrepío e terror crin ver unhas formas danzantes escuras que se debuxaban grotescas contra esa visión de mármore e resplandor. O efecto resultaba titánico e completamente inimaxinábel, e podería ollalo para sempre de non ser porque o son de frautas semellaba medrar cara á esquerda. Trémulo por un terror que se mesturaba dun xeito estraño coa éxtase, crucei a sala circular cara á xanela norte, desde a que podía verse a aldea e o prado que se abría ao pé do pantano. Daquela os meus ollos desorbitáronse ante un extraordinario prodixio aínda máis grande, como se non acabase de dar as costas a unha escena que ía alén da natureza, xa que pola chaira iluminada dun vermello spectral avanzaba unha procesión de seres con formas tales que non podían proceder doutro lugar que dos pesadelos.

Medio arrastrándose, medio aboiando no ar, os fantasmas do pantano, ataviados de branco, ían retirándose aos poucos cara ás augas mansas e as ruínas da illa en fantásticas formacións que suxerían algunha danza cerimonial antiga. Os seus brazos ondeantes e translúcidos, ao son dos noxentos chifres daquelas frautas invisíbeis, reclamaban cun ritmo extraordinario unha multitude de traballadores cambaleantes que as seguían con pasos cegos e involuntarios, tropezando, como arrastrados por unha vontade demoníaca, torpe mais imposíbel de resistir. Cando as náíades chegaban ao pantano sen se desviar, unha nova ringleira de figuras atrasadas que tropezaban como se estivesen bébedas, abandonaban o castelo por algunha porta apartada da miña xanela. Foron dando tombos polo patio e a través da parte da

aldea que separaba o castelo do pantano e uníronse á columna de peóns na chaira. Malia a altura, puideren recoñecelos como os criados do norte, xa que recoñecín a silueta fea e grosa do cociñeiro, cuxo absurdo aspecto agora resultaba completamente trágico. As frautas soaban de xeito horrendo e volvíñ escoitar o bater de tambores procedente das ruínas da illa. Daquela, dun xeito silandeiro e gracioso, as náíades chegaron á auga e fundíronse unha tras outra co antigo pantano, mentres a liña de seguidores, sen medir os seus pasos, chapucaba con torpeza tras delas para acabar desaparecendo nun leve remuíño de burbullas insalubres que apenas puideren distinguir na luz escarlata. E mentres o último e patético atrasado, o cociñeiro obeso, desaparecía pesadamente da vista no estanque sombrizo, as frautas e tambores ficaron demudados e os cegadores raios das ruínas se esvaeceron nun capelexar, deixando a aldea maldita abatida e solitaria baixo os tenues raios dunha lúa acabada de saír.

O meu estado era agora o dun caos alén de toda descrición. Sen saber moi ben se estaba tolo ou lúcido, durmido ou esperto, salveime só grazas a un piadoso atordamento. Coido que fixen cousas tan ridículas como rezar a Artemisa, Latona, Deméter, Perséfone e Plutón. Todo cando podía lembrar dos meus días de estudos clásicos de mocidade acudíume aos beizos mentres os horrores da situación espertaban as miñas supersticións máis fondas.

Sentía que presenciara a morte de toda unha aldea e sabía que estaba a soas no castelo con Denys Barry, cuxa soberbia desatara a maldición. Cando pensei nel vinme alagado de novos terrores e esborralleime no chan, non inconsciente, mais si fisicamente incapacitado. Entón sentín o sopro frío desde a xanela leste, por onde se ergueu a lúa, e comecei a escoitar os berros no castelo, abaixo. Axiña o

rebumbio acadou unha magnitude e calidade que non quero transcribir, e que me fai enfermar cada vez que o lembro. Todo canto podo dicir é que tales berros proviñan de algo que fora amigo meu.

En certo instante, durante ese período aterrecedor, o vento frío e os berros deberon de obrigarme a me erguer, xa que a miña seguinte lembranza é a dunha enlouquecida carreira pola estancia e a través de corredores negros como a tinta e, xa fóra, atravesar o patio para me mergullar na noite de espanto. Ao abrente atopáronme vagando trastornado preto de Ballylough, mais o que me enlouqueceu por completo non foi ningún dos terrores que vira ou ouvira antes. O que eu murmuraba cando volvín lentamente das sombras eran un par de incidentes que tiveron lugar durante a miña fuxida, incidentes de pouca transcendencia, mais que roen en min sen descanso cando estou só en certos lugares pantanosos ou á luz da lúa. Mentres fuxía dese castelo maldito polo bordo do pantano, escoitei un novo son; algo común, aínda que non o ouvira antes en Kilderry. As augas estancadas, ultimamente bastante despoboadas de vida animal, agora fervían de enormes ras pegañentas que croaban dun xeito agudo e incesante en tons que nada a ver tiñan co seu tamaño. Relucían verdes e inchadas baixo os raios de lúa, e semellaban enxergar fixamente a fonte de luz. Eu seguín a mirada dunha ra moi gorda e fea e vin a segunda das cousas que me fixo perder a razón.

Deitado entre as estrañas ruínas antigas e a lúa minguante, os meus ollos creron descubrir un raio dun resplandor feble e trémulo que non se reflectía nas augas do pantano. E ascendendo por ese pálido camiño, a miña mente febril imaxinou unha sombra esvaída que se debatía lentamente; unha sombra vagamente perfilada que se retorecía como arrastrada por monstros invisíbeis. Enlouquecido como estaba, atopei

nesa espantosa sombra un monstruoso parecido, unha caricatura noxenta e incríbel, unha imaxe blasfema do que fora Denys Barry.



O E STRAÑO

[*The Outsider* escribiuse entre marzo e agosto de 1921 e publicouse cinco anos máis tarde, no número de abril de 1926 da revista *Weird Tales*.]

Infeliz a persoa cuxos seus recordos infantís só traen medo e pesar. Desgraciada a que volve a mirada cara a horas solitarias en recintos bastos e lúgubres fechados con cortinas marróns e abraiantes ringleiras de antigos volumes, ou cara a vixilias aterrecedoras á sombra de árbores descomunais e grotescas, cargadas de rubideiras, que abanean silenciosamente nas alturas as súas pólas retortas. Tal é o que os deuses me destinaron.. a min, o atordado, o frustrado, o estéril, o arruinado. Porén, síntome estrañamente satisfeito e agárrome con desespero a eses recordos murchos cada vez que a miña mente ameaza con ir alén, cara ao outro.

Non sei onde nacín, agás que o castelo era absolutamente horribel, inzado de pasadizos escuros e con altos ceos rasos onde a mirada só achaba arañeiras e sombras. As pedras dos corredores gretados estaban sempre húmidas, aborrecíbeis, e por todas as partes percibíase un fedor maldito, como de moreas de cadáveres de xeracións mortas. Xamais

había luz, polo que adoitaba acender candeas e ficar ollando para elas fixamente na procura de acougo. Tampouco fóra brillaba o sol, xa que eses terríbeis arboredos se erguían por riba da torre máis alta. Unha soa, unha torre negra, pasaba por riba dos ramallos e saía ao ceo aberto e descoñecido, pero estaba case en ruínas e só se podía ascender a ela por un muro escarpado pouco menos que imposíbel de escalar.

Debín de vivir anos nese lugar, mais non podo medir o tempo. Seres vivos deberon de atender as miñas necesidades, e así e todo non podo pór rostro a persoa ningunha agás a min mesmo, nin lembrar ningunha cousa vivente agás as ratas, os morcegos e as arañas, silandeiras todas. Supoño que, fose quen fose quen me coidou, debeu de ser asombrosamente vello, posto que a miña primeira representación mental dunha persoa viva foi a de algo semellante a min, pero retorta, murcha e deteriorada como o castelo. Para min non tiñan nada de grotescos os ósos e os esqueletos esparexidos polas criptas de pedra cavadas nas profundidades dos alicerces. Na miña fantasía asociaba estas cousas cos feitos cotiáns e achábaos máis reais que as figuras en cores dos seres vivos que vía en moitos libros balorecidos.

Neses libros aprendín todo o que sei. Ningún mestre me apurou nin me guiou, e non lembro escoitar en todos eses anos voces humanas, nin sequera a miña, xa que, aínda que lera sobre a palabra falada nunca se me ocorreu falar en voz alta.

O meu aspecto era tamén unha cuestión allea á miña mente, xa que non había espellos no castelo e limitábame, por instinto, a me imaxinar como un semellante das figuras xuvenís que vía debuxadas ou pintadas nos libros. Tiña conciencia da mocidade por mor do pouco que lembraba.

Fóra, deitado no foxo podrecido, baixo as árbores tenebrosas e demudadas, adoitaba pasar horas enteiras soñando co que lera nos libros. Estrañaba verme entre xentes alegres, no mundo asollado alén da foresta interminábel. Unha vez tentei fuxir da fraga, mais a medida que me afastaba do castelo as sombras facíanse máis mestas e o ar máis alagado de crecentes temores, polo que botei a correr freneticamente polo camiño andado, non fose extraviarme nun labirinto de lúgubre silencio.

E así, a través de crepúsculos sen fin, soñaba e agardaba, aínda que non soubese o que. E foi así até que na miña negra soidade o desexo de luz fíxose tan frenético que xa non puideren permanecer inactivo e as miñas mans suplicantes eleváronse cara a esa única torre en ruínas que por riba do arboredo se afundía no ceo exterior e ignoto. E á fin decidín rubir pola torre, aínda que caese, xa que mellor era albiscar o ceo un intre e perecer, que vivir sen enxergar xamais o día.

Baixo a húmida luz do solpor subín polos vetustos banzos de pedra até chegar ao nivel onde se interrompían, e de alí en diante, rubindo por pequenos saíntes onde apenas cabía un pé, seguí a miña perigosa ascensión. Aquel cilindro rochoso era horrendo, aterrecedor, inerte e sen banzos; negro, ruinoso e solitario, sinistro co seu mudo bater de ás de espantados morcegos. Pero máis horrenda aínda era a lentitude do meu avance, xa que por máis que rubise, as tebras que me envolvían non se esvaecían e un frío novo, como de balor antigo e enmeigado, invadiume. Tremendo de frío, preguntábame por que non chegaba á claridade e, de me atrever, miraría para abaixo.

Ocorrúseme que se cadra a noite caera de súpeto sobre min e en balde tentei coa man libre na procura do antepeito dalgunha xanela

pola que esculcar o exterior, cara a arriba, e calcular a que altura me achaba.

De súpeto, logo dunha ascensión interminábel e espantosa ás cegas por aquel precipicio cóncavo e desesperado, sentín que a cabeza tocaba algo sólido. Souben daquela que gañara a terraza ou, cando menos, algunha clase de piso. Erguín a man libre e, na escuridade, apalpei un obstáculo, para descubrir que era de pedra e inamovíbel. Logo veu un rodeo mortal á torre, no que me fun agarrando a calquera soporte que a súa parede lamacenta puidese ofrecer; até que finalmente a miña man, que non deixaba de tentear, achou un punto onde o valo cedía e anovei a marcha cara a arriba, empurrando a laxa ou porta coa cabeza, xa que utilizaba ambas as mans no meu cauteloso avance. Arriba non apareceu luz ningunha e, a medida que as miñas mans subían máis e máis, souben que polo momento a miña ascensión rematara, xa que a porta daba a unha abertura que conducía a unha superficie plana de pedra, de maior circunferencia que a torre inferior, sen dúbida o piso dalgunha elevada e espazosa cámara de observación. Escorreguei en silencio polo recinto con coidado de que a pesada laxa non volveuse ao seu lugar, mais fracasei no intento.

Mentres xacía exhausto sobre o piso de pedra, ouvín o alucinante eco da súa caída, pero así e todo mantiven a esperanza de volver levantala cando fose preciso.

Convencido xa de que me achaba a unha altura prodixiosa, moi por riba das aborrecidas pólas do bosque, incorporeime moi canso e tentei a parede na procura dalgunha xanela que me permitise mirar pola primeira vez o ceo e esa lúa e esas estrelas sobre as que lera. Porén, ambas as mans decepcionáronme, xa que todo o achei foron amplos andeis de mármore cubertos de noxentas caixas oblongas de dimensións

inquietantes. Cando máis pensaba máis me preguntaba que estraños segredos podía agochar aquel alto recinto construído a tan inmensa distancia do castelo que xacía embaixo. De súpeto as miñas mans bateron inesperadamente cun marco, do que penduraba unha porta de pedra de superficie rugosa por mor das estrañas incisións que a cubrían. Estaba fechada, pero facendo un esforzo terríbel superei o obstáculo e abrina cara a dentro. Feito isto, invadiume a éxtase máis pura que xamais coñecera. A través dun ornamentado enreixado de ferro e no extremo dunha curta escalinata de pedra que ascendía desde a porta que acababa de descubrir, brillando placidamente en todo o seu esplendor estaba a lúa chea, que nunca antes vira agás en soños e en vagas visións que non me atrevía a chamar lembranzas.

Seguro agora de que acadara o cumio do castelo, subín axiña os poucos banzos que me separaban do enreixado, mais de socato unha nube tapou a lúa e fíxome tropezar, e na escuridade tiven que avanzar con maior lentitude. Estaba aínda moi escuro cando cheguei ao enreixado, que achei aberto logo dun coidadoso exame, pero que non quixen cruzar por medo a me precipitar desde a incríbel altura á que chegara. Logo volveu saír a lúa.

De todos os impactos que se poidan imaxinar, ningún é tan endiañado como o do insondábel e grotescamente inconcibíbel. Nada do que sufrira antes podía compararse co terror do que agora estaba a ver, das extraordinarias marabillas que aquel espectáculo me amosaba. O panorama en si propio era tan simple como abraiante, xa que consistía simplemente nisto: no canto dunha impresionante perspectiva de copas de árbores vistas desde unha altura imponente, estendíase ao meu redor, ao mesmo nivel do enreixado, nada menos que a terra firme, separada en compartimentos varios por medio de laxas de mármore e

columnas, e sombreada por unha antiga igrexa de pedra cuxo devastado campanario brillaba fantasmal á luz da lúa.

Medio inconsciente, abrín o enreixado e avancei bambeando pola senda de grava branca que se estendía en dúas direccións. Por atordada e caótica que estivese a miña mente, mantiñase nela ese frenético desexo de luz, nin sequera o abraiante descubrimento duns momentos atrás podía determe. Non sabía, nin me importaba, se a miña experiencia era tolemia, alleamento ou maxia, pero estaba resolto a ir tras da luminosidade e a alegría a calquera custo. Non sabía quen ou que era eu, nin cales podían ser o meu ámbito e as miñas circunstancias. Así e todo, a medida que proseguía a miña marcha cambaleante, comezaba a abrollar en min unha especie de recordo tímido e latente que facía o meu avance non completamente fortuíto, sen rumbo fixo por campo aberto; unhas veces sen perder de vista o camiño, outras abandonándoo para me internar, cheo de curiosidade, por pradarias nas que só algunha ruína ocasional revelaba a presenza, en tempos remotos, dunha senda esquecida. Nun momento dado tiven que cruzar a nado un río rápido cuxos restos de cantaría gretada e balorecida falaban dunha ponte desaparecida moito tempo atrás.

Transcorreran máis de dúas horas cando cheguei ao que aparentemente era a miña meta: un castelo moi antigo e cuberto de hedra, situado no medio dunha mesta fraga, de alucinante familiaridade para min, e así e todo cheo de novidades intrigantes. Vin que o foxo estaba cheo e que varias das torres que eu ben coñecía estaban derrubadas, ao mesmo tempo que se erguían outras novas que me confundían. Pero o que observei co máximo interese e deleite foron as xanelas abertas, alagadas de esplendorosa claridade e que enviaban ao exterior ecos da máis alegre das festas. Adianteime cara a unha delas,

mirei o interior e vin un grupo de persoas vestidas de xeito estraño, que conversaban entre elas cheas de ledicia. Como xamais ouvira a voz humana, apenas podía adiviñar vagamente o que dicían. Algunhas facianas tiñan expresións que espertaban en min recordos moi remotos, outras éranme absolutamente alleas.

Saltei pola xanela e introducinme no cuarto fortemente iluminado, á vez que a miña mente saltaba do único instante de esperanza ao máis negro dos desalentos. O pesadelo non tardou en se desatar, xa que, non ben entrei, produciuse unha das máis aterrecedoras reaccións que puidese concibir. Non rematara de cruzar o limiar cando rendeu entre todos os presentes un inesperado e súbito pavor, de intensidade extrema, que facía que os rostros se distorsionasen e arrincaba de todas as gorxas os berros máis espantosos. A desbandada foi enorme e no medio do balbordo e do pánico varios sufriron desmaios e tiveron que ser axudados polos que fuxían enlouquecidos. Moitos taparon os ollos coas mans e corrían ás cegas levando todo por diante, tombando o mobiliario e batendo contra as paredes no seu desesperado intento de chegar a algunha das numerosas portas.

Só e aparvado no brillante recinto, mentres escoitaba os ecos cada vez máis apagados daqueles berros de arrepío, comecei a tremer pensando que podía ser aquilo que me asexaba sen que eu o vise. A primeira vista o lugar semellaba baleiro, pero cando me dirixín a unha das alcobas crin detectar unha presenza, un simulacro de movemento do outro lado do arco dourado que conducía a outro dormitorio, similar ao primeiro. A medida que me aproximaba á arcada comecei a percibir a presenza dun xeito máis nidio e logo, co primeiro e último son que xamais emitín, un ouveo horrendo que me anoxou case tanto como a súa morbosa causa, contemplei en toda a súa intensidade horríbel, o

inconcibíbel, o indescritíbel, o inenarrábel monstro que, por obra da súa aparición, convertera unha alegre reunión nunha horda de fuxitivos delirantes.

Non podo sequera dicir aproximadamente a que se parecía, pois era un composto de todo o que é impuro, aterrecedor, non desexado, anormal e detestábel. Era unha sombra fantasmagórica de podremia, decrepitude e desolación; a pútrida e lamacenta imaxe do daniño; a atroz nudez de algo que a terra misericordiosa debería ocultar por sempre. Deus sabe que non era deste mundo, ou cando menos deixara de selo, e con todo, con enorme horror da miña parte, puideron ver nos seus trazos roídos, con ósos que se entrevían, unha noxenta e afastada reminiscencia de formas humanas; e nas súas balorecidas e esnaquizadas roupas, unha calidade indicíbel que me facía estremecer máis aínda.

Estaba case paralizado, pero non tanto como para non facer un feble esforzo cara á salvación: dei un chouto cara a atrás que non puido romper o feitizo en que me tiña apresado o monstro sen voz e sen nome. Os meus ollos, enmeigados por aqueles noxentos ollos vítreos que os miraba fixamente, negábanse a fecharse, aínda que o terríbel obxecto, tras do primeiro impacto, víase agora máis confuso. Loitei por erguer a man e disipar a visión, pero estaba tan atordado que o brazo non respondeu por completo á miña vontade. Así e todo, o intento foi dabondo como para alterar o meu equilibrio e, logo de bambear un bocado, dei uns pasos cara a adiante para non caer. Ao facelo fun consciente de súpeto da angustiosa noción da proximidade da cousa, cuxa respiración inmunda tiña case a impresión de ouvir. Pouco menos que enlouquecido, puideron adiantar unha man para deter a fétida imaxe, que se achegaba máis e máis, cando de súpeto, os meus dedos tocaron a extremidade putrefacta que o monstro estendía por baixo do arco

dourado. Non berrei, pero todos os satánicos vampiros que cabalgan no vento da noite fixérono por min, á vez que deixaron caer na miña mente unha riada de lembranzas que me atafegaron.

Souben nese mesmo intre todo o que acontecera; lembrei até máis aló do terrorífico castelo e as súas árbores; recoñecín o edificio no que me achaba; recoñecín, o máis terríbel, a impía abominación que se erguía ante min, ollándome de esguello mentres apartaba dos seus os meus dedos luxados. Pero no cosmos existe o bálsamo ademais da amargura, e ese bálsamo é o esquecemento. No horror extremo dese intre esquecín o que me espantara e aquelas lembranzas que acababan de estoupar esvaecéronse nun caos de imaxes repetidas. Como entre soños, saín daquel edificio fantasmal e execrado e botei a correr rápido e silandeiro baixo o luar. Cando volví ao mausoleo de mármore e descendín os banzos, atopei que non podía mover a trapela de pedra; pero non o lamentei, xa que chegara a odiar o vello castelo e as súas árbores. Agora cabalgo xunto os fantasmas, burlóns e cordiais, ao vento da noite, e durante o día xogo entre as catacumbas de Nefre-Ka, no recóndito e descoñecido val de Hadoth, nas beiras do Nilo. Sei que a luz non é para min, agás a luz da lúa sobre as tumbas de rocha de Neb, como tampouco é para min a ledicia, agás as innominadas festas de Nitokris baixo a Gran Pirámide. Así e todo, na miña nova e salvaxe liberdade, agradezo case a amargura da alienación.

Pois aínda que o esquecemento me concedeu a calma, non por iso ignoro que son un estraño; un estraño para este século e para todos os que aínda son humanos. Isto é o que souben desde que estriqueei os meus dedos cara a esa cousa abominábel que xurdiu naquel gran marco dourado; desde que estriqueei os meus dedos e toquei unha fría e inexorábel superficie de espello puído.

A MÚSICA DE ERICH ZANN

[*The Music of Erich Zann* escribiuse en decembro de 1921 e publicouse no número de marzo de 1922 da revista *National Amateur*.]

E studei varios planos da cidade con moita atención, mais non volvín encontrar a Rue d’Auseil.

Non me limitei a consultar mapas modernos, pois sei que os nomes mudan co paso do tempo. Pola contra, mergulleime a fondo en todas as antigüidades do lugar e explorei en persoa todos os recunchos da cidade, calquera que fose o seu nome, que puidese responder á rúa que noutro tempo coñecín como Rue d’Auseil. Porén, malia todos os meus esforzos, non deixa de me amolar non poder dar coa casa, a rúa ou nin sequera o barrio onde durante os meus últimos meses de vida miserenta como estudante de metafísica na universidade, ouvín a música de Erich Zann.

Non me sorprende nada que me falle a memoria, xa que a miña saúde física e mental viuse gravemente trastornada durante o tempo en que vivín na Rue d’Auseil e non lembro que levase nunca alí ningunha das miñas escasas amizades. Mais o feito de non poder achar outra volta

o lugar resulta estraño á vez que me deixa pampo, pois estaba a menos de media hora de camiñada da universidade e distinguíase por uns trazos característicos que dificilmente podería esquecer quen pasase por alí. Así e todo, a realidade é que xamais atopei ninguén que estivese na Rue d'Auseil.

A Rue d'Auseil ficaba alén dun escuro río bordeado de altos almacéns de tixolo cos cristais das xanelas escurecidos e accedíase a ela por unha ponte denegrada de pedra maciza. O curso daquel río sempre estaba escuro, como se permanentemente o fume das fábricas veciñas impedise o paso dos raios do sol. As augas botaban tamén un fedor que non volvín ventar en ningunha outra parte e que quizais algún día me axude a dar co lugar que procuro, pois estou certo de que recoñecería ese cheirume no momento. Alén da ponte podían verse unha serie de rúas empedradas e con raís; logo viña a subida, suave no comezo, pero dunha pendente incríbel á altura da Rue d'Auseil.

Xamais vin unha rúa máis estreita e empinada como a Rue d'Auseil. Fechada á circulación rodada, case era un precipicio con tramos de escaleiras en determinados puntos, que remataban na crista nun impresionante muro cuberto de hedra.

O lastrado era irregular: unhas veces feito con laxas de pedra, outras con lastros e ás veces nada máis que terra con incrustacións de vexetación dunha cor averdada e agrisada. As casas altas cos seus tellados rematados en pico, tremendamente vellas, estaban inclinadas de calquera xeito cara a adiante ou cara a un lado.

De cando en cando podían verse dúas casas coas fachadas fronte por fronte e inclinadas para diante, até o punto de formaren case un arco no medio da rúa. Como é de agardar, apenas chegaba luz ningunha

ao chan que había debaixo delas. Entre as casas dun e outro lado da rúa despregábase un feixe de pontes elevadas.

Os veciños daquela rúa producíanme unha impresión desacougante. Ao comezo pensei que era por mor da súa natureza silandeira, mais despois atribuíno ao feito de que todos alí eran vellos. Non sei como puiden ir parar a unha rúa como aquela, mais non fun eu nin moito menos o único que se mudou a vivir a aquel lugar. Vivira en moitos sitios escangallados dos que sempre me vin desaloxado por non poder pagar a renda, até que finalmente un día dei de bruzos con aquela casa medio en ruínas da Rue d'Auseil, que coidaba un paralítico de nome Blandot. Era a terceira casa segundo se miraba desde a parte superior da rúa, e a máis alta de todas con diferenza.

O meu cuarto estaba no quinto andar. Era o único ocupado da planta, pois a casa estaba practicamente baleira. A noite da miña chegada ouvín unha música estraña que viña da bufarda que tiña xusto enriba e ao día seguinte inquirín ao vello Blandot por quen interpretaba devandita música.

Díxome que a persoa en cuestión era un ancián violinista de orixe alemá, un home mudo e un bocado raro, que asinaba co nome de Erich Zann e que polas noites tocaba na pequena orquestra dun teatro. Engadiu tamén que a afección de Zann a tocar polas noites á volta do teatro era o motivo que o levara a se instalar naquel cuarto alto e senlleiro da bufarda, cuxa xanela de de tipo holandés era o único punto da rúa desde o que podía albiscarse o final do muro inclinado e a visión que se amosaba do outro lado do mesmo.

Nos tempo que seguiu non houbo noite en que non ouvise a Zann e, malia que a súa música me mantiña esperto, había algo estraño nela que me desacougaba.

Malia ser eu ben pouco coñecedor daquela arte, estaba convencido de que ningunha das súas harmonías tiña nada que ver coa música que ouvira até o momento, do que deducín que tiña que se tratar dun compositor dun talento particular. Canto máis a escoitaba máis me atraía aquela música, até que logo dunha semana decidín presentarme a aquel ancián.

Unha noite, cando Zann volvía do traballo, saínlle ao paso do descanso da escaleira e díxenlle que me gustaría coñecelo e acompañalo mentres tocaba. Era miúdo de estatura, fraco e andaba un pouco corcovado, coa roupa gastada, ollos azuis, unha expresión a medio camiño entre o grotesco e o satírico e practicamente careco. A súa reacción ante as miñas primeiras palabras foi violenta e medorenta a un tempo. Así e todo, o aquel amistoso do meu proceder acabou por acougalo e, de mala gana, fíxome acenos para que o seguise pola escura, gretada e escangallada escaleira que levaba á bufarda. O seu cuarto, un dos dous que había naquela bufarda de teito inclinado, estaba orientada ao oeste, cara ao muro que formaba o extremo superior da rúa. Era moi grande e aínda parecía maior pola total nudez e abandono en que se achaba. O único mobiliario que destacaba era a delgada armadura metálica da cama, un lavamáns escunchado, unha mesiña, un grande andel, un atril e tres cadeiras pasadas de moda. Amoreadas en total desorde polo chan aparecían feixes e feixes de partituras. As paredes eran de taboleiros espidos, e o máis probábel é que non os anovaran na vida. Doutra banda, a abundancia de po e arañeiras por todas as partes facía que o lugar semellase máis abandonado que habitado. En resumo, o belo mundo de Erich Zann debía sen dúbida atoparse nalgún remoto cosmos do seu maxín.

Logo de me indicar mediante acenos que sentase, o meu ancián e mudo veciño fechou a porta, botou o gran ferrollo de madeira e acendeu unha candea para aumentar a luz da que xa levaba con el. A continuación tirou o violín da funda roída, colleuno entre as mans e sentou na menos incómoda das cadeiras. Non empregou para nada o atril mais, sen me dar opción e tocando de memoria, deleitoume durante máis dunha hora con melodías que sen dúbida debían de ser creación súa. Tratar de describir a súa natureza exacta é practicamente imposible para alguén non versado en música. Era unha especie de fuga, con pasaxes reiteradas completamente enfeitizadoras, mais en especial para min pola ausencia das estrañas notas que ouvira en anteriores ocasións desde o meu cuarto.

Aquelas notas obsesivas non marchaban da miña cabeza e mesmo a miúdo as cantaruxaba e asubiaba para min aínda que sen demasiada precisión, así que cando o solista baixou finalmente o arco pregueille que mas interpretase. Nada máis ouvir as miñas primeiras palabras aquela engurrada e grotesca face perdeu a expresión benigna e ausente que tivera durante toda a interpretación e semellou amosar a mesma curiosa mestura de ira e medo de cando o abordara pola vez primeira. Durante un intre tentei recorrer á persuasión, desculpando os caprichos propios da senilidade, e mesmo fixen por espertar os ánimos exaltados do meu anfitrión asubiando uns acordes da melodía que ouvira a noite anterior. Mais nese mesmo intre tiven que interromper os meus asubíos, pois cando o músico mudo recoñeceu a cantiga o seu rostro torceuse de socato para adquirir unha expresión que me é imposible de describir, a tempo que erguía unha man longa, fría e osuda para me obrigar a calar e non seguir coa miña basta imitación. E ao facelo demostrou outra volta a súa rareza, pois botou unha mirada expectante cara á única xanela con

cortinas, como se temese a presenza dalgún intruso. Foi unha mirada dobremente absurda pois a bufarda estaba moi por riba do resto dos tellados da contorna, o que a facía practicamente inaccesíbel e, ademais, polo que dixera o porteiro, a xanela era o único punto da empinada rúa desde o que podía verse o cumio por riba do muro.

A mirada do ancián fíxome lembrar o comentario de Blandot e de súpeto ocorréuseme satisfacer o meu desexo de dexergar a ampla e vertixinosa panorámica dos tellados á luz da lúa e as luces da cidade que se estendían alén do cumio, algo que de entre todos os moradores da Rue d'Auseil só se lle concedía a aquel músico de carácter rosmón. Achegueime á xanela e estaba xa a piques de descorrer aquelas cortinas noxentas cando, cunha violencia e terror aínda maiores que os de até o momento amosara, o meu veciño mudo botouse sobre min máis unha vez, desta volta para me indicar con acenos da cabeza a dirección da porta, nun esforzo nervioso por afastarme de alí con ambas as mans. Agora, decididamente enfadado co meu veciño, ordeneille que me soltase, que non pensaba permanecer alí nin un momento máis. Ao ver o agraviado e desgustado que estaba, soltouse á vez que a súa ira minguaba. Ao momento, volveu agarrarme con forza, mais desta volta en ton amistoso, e fíxome sentar nunha cadeira; logo, cun aquel perdido, achegouse á desordenada mesa, colleu un lapis e púxose a escribir nun francés estraño propio dun estranxeiro.

A nota que finalmente me estendeu era unha súplica na que reclamaba tolerancia e perdón.

Nela, Zann dicía ser un solitario ancián aflixido por estraños temores e trastornos nerviosos relacionados coa súa música, amais de outros problemas. Encantáballe que escoitase a súa música e desexaba que volveuse máis noites e que non lle tivese en conta as súas rarezas.

Mais non podía tocar para outros os seus estraños acordes nin tampouco aturar que os ouvisen; así mesmo, tampouco podía aturar que outros tocasen no seu cuarto. Non soubera, até a nosa conversa no descanso da escaleira, que desde o meu dormitorio podía ouvir a súa música, e pregábame que falase con Blandot para que me dese un nun andar máis baixo onde non puidese ouvílo pola noite. Calquera diferenza no prezo do alugueiro correría da súa conta.

Mentres loitaba por descifrar o francés aborrecíbel daquela nota, a miña compaixón cara a aquel pobre home foi a máis. Era, igual ca min, vítima de trastornos físicos e nerviosos, e os meus estudos de metafísica ensináranme que en tales casos se require comprensión máis que ningunha outra cousa. No medio daquel silencio ouviuse un leve ruído que viña da xanela. O vento nocturno debeu facer renxer a persiana e por algunha razón que se me escapaba dei un chouto case tan brusco como o de Erich Zann. Cando rematei coa nota, dei a man ao meu veciño e saín de alí convertido en amigo seu.

Ao día seguinte Blandot deume un cuarto algo máis caro no terceiro andar, situado entre a vivenda dun vello prestamista e a dun honrado tapiceiro. No cuarto andar non vivía ninguén.

Non tardei en decatarme de que o interese que Zann tiña en que lle fixese compañía non era o que crin entender cando me convenceu de que me mudase do quinto andar. Nunca me chamou para que fose velo e cando o facía semellaba atoparse a desgusto e tocaba a desgana. As veladas sempre tiñan lugar de noite, pois durante o día durmía e non admitía visitas. O meu afecto cara a el non foi a máis, malia que semellaba como se aquela bufarda e a estraña música que tocaba o meu veciño exercesen unha estraña fascinación sobre min.

Non me abandonara aquel desexo indiscreto de mirar por aquela xanela e ver que había por riba do muro e abaixo, na pendente invisíbel co milleiro de tellados e campanarios que debían de se dexergar desde alí. Unha vez subín á bufarda en horas de teatro, mentres Zann estaba fóra, pero a porta tiña botado o ferrollo. Así e todo, o que si conseguín foi ouvir as interpretacións nocturnas daquel ancián mudo. Ao principio ía no bico dos pés até o meu antigo quinto andar, e co tempo atrevínme mesmo a subir o último e renxente tramo da escaleira que levaba até a bufarda. Alí, no estreito relanzo, alén da porta atrancada que tiña o buraco da fechadura tapado, puíden ouvir bastante a miúdo uns sons que me alagaron cun medo difícil de definir, ese medo a algo impreciso e misterioso que aboiaba sobre min. Non é que os sons fosen arrepiantes, pois abofé que non o eran, senón que as súas vibracións non gardaban semellanza ningunha con nada deste mundo e de cando en cando adquirían unha calidade sinfónica que dificilmente podería imaxinarme obra dun só intérprete. Non había dúbida, Erich Zann era un xenio de talento imposíbel. A medida que pasaban as semanas as interpretacións foron adquirindo un ritmo máis frenético e o aspecto do ancián músico foise tornando cada vez máis mirrado e abatido, digno da maior compaixón. Xa non me deixaba pasar para velo, fose cal fose a hora á que chamase, e evitábame sempre que nos atopabamos na escaleira. Unha noite, mentres escoitaba desde a porta, ouvín aquel seu renxente violín dilatarse até producir unha caótica pirámide de sons, un pandemonio que me fixo dubidar mesmo da miña razón se desde o outro lado da porta atrancada non me chegase unha proba digna de mágoa de que o terror era auténtico: o berro arrepiante e inarticulado que só a gorxa dun mudo pode emitir, e que só se ergue nos momentos en que a angustia e o medo son extremos. Batín repetidas veces na

porta, mais non recibín resposta ningunha. Logo, agardei no relanzo escuro, tremendo de frío e medo, até que ouvín os febles esforzos do desgraciado músico por se erguer do chan con axuda dunha cadeira. Como crin que recuperaba o sentido logo de sufrir un desmaio, anovei os meus golpes á vez que profería en voz alta o meu nome con obxecto de tranquilizalo. Ouvín a Zann cambaleando até chegar á xanela e fechar as cortinas e o bastidor, e logo dirixirse dando tombos cara á porta, que abriu case sen forzas para me deixar pasar. Desta volta era claro que estaba encantado de verme ao seu carón, pois a súa faciana desencaixada brillaba de alivio mentres me agarraba do abrigo, como faría un cativo da saia da súa nai.

Dominado por uns tremores patéticos, o ancián fíxome sentar nunha cadeira mentres el se deixaba caer noutra, xunto á que se atopaban deitados no chan o violín e o arco. Durante algún tempo permaneceu inactivo, facendo estrañas inclinacións de cabeza, mais sempre coa impresión de estar a escoitar dun xeito intenso e medorento. A continuación semellou recuperar o ánimo, sentou nunha cadeira xunto á mesa e escribiu unha nota breve, que me entregou para logo volver á mesa, onde se puxo a escribir dun xeito frenético e sen descanso. Na nota pregábame que, por compaixón cara a el e se quería satisfacer a miña curiosidade, non me levantase de onde estaba até que el acabase de redactar un exhaustivo informe en alemán sobre os prodixios e temores que o arrodeaban. Logo permanecín alí sentado mentres o lapis do ancián mudo corría sobre o papel.

Pasara xa cousa dunha hora e eu seguía alí agardando mentres o ancián músico continuaba a escribir, febril, e as follas se amoreaban unhas sobre outras, cando, de socato, Zann deu un chouto, como se recibise unha forte sacudida.

Non había erro posíbel. Os seus ollos miraban para xanela coa cortina botada e escoitaba no medio de grandes tremores. Despois crin ouvir un son, desta volta non era horríbel senón que, pola contra, semellaba unha nota musical extraordinariamente baixa e infinitamente afastada, como se procedese dalgún músico que morase nalgunha das casas próximas ou nunha vivenda alén do imponente muro por riba do que nunca conseguín mirar.

O efecto que lle produciu a Zann foi terríbel, pois soltou o lapis, ergueuse no momento, colleu o violín entre as mans e púxose a esgazar o silencio da noite coa máis frenética interpretación que ouvira saír do seu arco, fóra de cando o escoitaba do outro lado da porta atrancada.

Sería inútil tentar describir o que tocou Erich Zann aquela noite estarrecedora. Era infinitamente máis terríbel que todo o que ouvira até entón, pois agora podía ver a expresión debuxada no seu rostro e podía reparar que nesta ocasión o motivo era o temor levado á súa máxima expresión. Loitaba por emitir un ruído coa fin de afastar ou facer calar algo, que exactamente non sabería dicir, pero en calquera caso debía de ser aterrecedor. A interpretación alcanzou matices fantásticos, histéricos, de auténtico delirio, mais sen perder nin unha soa daquelas calidades de xenio maxistral das que estaba dotado aquel ancián tan particular.

Recoñecín a melodía, unha frenética danza húngara que se fixo popular nos medios teatrais, e durante uns segundos reflexionei que aquela era a primeira vez que ouvía a Zann interpretar unha composición doutro autor.

Cada vez máis alto, cada vez máis freneticamente, ascendía o renxente laio daquel desesperado violín. O solista emitía uns ruídos estraños ao respirar e retorcíase como se fose un mono, sen deixar de

ollar cheo de medo á xanela coa cortina corrida. Naqueles acordes frenéticos crin ver sombrizos faunos e bacantes que bailaban e viraban como se estivesen posuídos en abismos ateigados de nubes, fume e lóstregos. E logo pareceume ouvir unha nota máis estridente e longa que non procedía do violín; unha nota pausada, deliberada, intencional e retranqueira que viña dalgún lugar afastado en dirección oeste.

Neste transo, a persiana comezou a bater con forza debido a un vento nocturno que se levantou no exterior, como se fose unha resposta á furiosa música que se ouvía dentro. O renxente violín de Zann superouse a si mesmo e guindouse a emitir sons que xamais pensei que puidesen saír das cordas dun violín. A persiana vibrou con máis forza, soltouse e comezou a bater contra a xanela con enorme balbordo. Como consecuencia dos persistentes impactos na súa superficie, o cristal fíxose cachizas e deixou entrar un refacho de ar frío que fixo tremelucir a chama das candeas e renxer as follas de papel que había sobre a mesa en que Zann tentara escribir o seu segredo aborrecíbel. Botei unha mirada ao músico e comprobei que estaba totalmente absorto na súa tarefa. Os seus ollos estaban en chamas, vidrosos e ausentes, e a frenética música acabara por se tornar nunha orxía desenfreada e automática que ningunha pluma podería tentar describir.

Un repentino refacho, máis forte que os anteriores, arrebatou o manuscrito e levouno cara á xanela. Preso da desesperación, guindeime tras das cuartillas que voaban polo cuarto, mais xa as levara o vento antes de eu conseguir chegar eu ás follas abatidas da xanela. Naquel momento lembrei o meu desexo aínda insatisfeito de ollar desde aquela fiestra, a única da Rue d’Auseil desde a que podía verse a aba que se estendía alén do muro e a urbe estarricada aos seus pés. A escuridade

era total, mais as luces da cidade estaban continuamente acesas na noite, polo que agardaba poder velas por entre a cortina de chuvia e vento.

Mais cando mirei desde a xanela máis alta da bufarda, mentres as candeas seguían a tremelucir e o alleado violín competía cos ouveos do vento nocturno, non vin cidade ningunha aló embaixo de min nin dexerguei o resplandor de ningunha luz amábel que viñese de rúas coñecidas, senón unicamente a escuridade do espazo sen límites, un espazo cheo de música e movemento, sen semellanza ningunha con ningún outro recuncho da Terra. E mentres permanecía alí de pé ollando con espanto aquel espectáculo fóra de calquera imaxinación, o vento apagou as dúas candeas que iluminaban aquela vella bufarda e mergullaron todo na máis brutal e impenetrábel escuridade. Ante min non tiña outra cousa que o caos e o pandemonio máis absoluto. Ás miñas costas, só o endiañado lamento daquelas cordas de violín.

Cambaleeime e volvín ao escuro interior do cuarto. Incapaz de acender un misto, derrubei unha cadeira e, finalmente, abrinme paso ás apalpadelas até o lugar de onde proviñan os berros e aquela música incríbel. Debía facer por fuxir daquel lugar na compañía de Erich Zann, fosen as que fosen as forzas que tivese que vencer. En certo momento pareceume como se algo frío me rozase e deitei un berro de espanto, mais este foi sufocado pola música que saía daquel violín horríbel. De socato, no medio daquela escuridade total rozoume o arco que non deixaba de resgar violentamente as cordas, polo que puiden reparar en que me atopaba preto do músico. Tenteei coas mans até tocar o respaldo da cadeira de Zann, a continuación apalpei e sacudín o seu ombro intento por facelo volver aos seus cabais.

Pero Zann non respondeu e, entrementres, o violín seguía a renxer sen amosar a menor intención de parar. Puxen a man sobre a súa cabeza

e logrei deter a súa inclinación mecánica, logo berreille no ouvido que debiamos fuxir os dous daqueles misterios ignotos que axexaban na noite. Pero nin ouvín resposta nin Zann reduciu o frenesí da súa música indescritíbel. Entrementres, estrañas correntes de ar semellaban correr dun extremo ao outro da bufarda no medio da escuridade e a desorde que reinaban. Un calafrío percorreume o corpo cando lle pasei a man pola orella, aínda que non sabería ben explicar o motivo. Non o souben até que non apalpei a súa faciana inmóbil, aquel rostro xeado, terso, sen o menor sinal de respiración, cuxos ollos vidrados sobresaían inutilmente no baleiro. E a continuación, logo de atopar milagrosamente a porta e o gran ferrollo de madeira, afasteime a fume de carozo daquela ser de ollos vidrados que habitaba na escuridade e dos atercedores acordes daquela maldito violín cuxa furia mesmo aumentou tras da miña saída precipitada daquela estancia.

Saltei, conservei o equilibrio, descendín voando as escaleiras interminábeis daquela casa en tebras; botei a correr sen rumbo fixo pola rúa estreita, empinada e antiga chea de chanzos e casas escangalladas. Como se fose un refacho de vento, descendín as escaleiras e saltei por riba do lastrado até chegar ás rúas da parte baixa e ao río fedorento e encaixado. Alasando, crucei a gran ponte escura que conduce ás rúas e bulevares amplos e saudábeis que todos coñecemos. Todo aquilo que vin na miña fuxida é un conxunto de impresións terribes que me acompañarán onde queira que vaia.

Lembro que aquela noite non ía vento nin brillaba a lúa, e todas as luces da cidade escintilaban.

Malia as miñas teimudas pescudas e investigacións, non volvín localizar a Rue d'Auseil. Porén, non podo dicir que o lamente, xa sexa

por todo isto ou pola perda nos abismos insondáveis daquelas follas con
apertada letra, as únicas que poderían explicar a música de Erich Zann.



AZATHOTH

[*Azathoth* escribiuse en xuño de 1922 e publicouse no xornal *Leaves* no ano 1938, despois da morte de Lovecraft.]

Cando a vellez se desatou sobre o mundo e a marabilla abandonou as mentes da humanidade; cando cidades grises ergueron torres altas, sombrizas e tétricas baixo cuxo manto ninguén pode soñar co sol ou cos campos en flor da primavera; cando o coñecemento desposuíu a terra da súa alfombra de beleza e os poetas non cantaron outra cousa que fantasmas esvaídos e vistos con ollos cheos de lagañas; cando todo isto pasou e os azos infantís se esvaeceron para sempre, houbo un home que empregou a súa vida na procura dos espazos cara aos que fuxiran os soños do mundo.

Pouco hai rexistrado sobre o nome e procedencia deste home, xa que iso era tarefa exclusiva do Mundo da Vixilia, aínda que se cre que ambos os dous eran escuros. Abonda con saber que vivía nunha cidade de muros altos onde reinaba un lusquefusque estéril e que día a día loitaba entre sombras e altercados, para volver ao fogar durante o solpor, a un cuarto cuxa xanela non se abría sobre herbas e árbores, senón a un

patio neboento sobre o que moitas outras xanelas se abrían nunha desesperación digna de mágoa.

Desde aquela xanela só se enxergaban muros e fiestras, agás que un se inclinase para esculcar as alturas, cara ás tímidas estrelas que alí moraban.

E xa que tanto os muros espidos como as xanelas conducen axiña á tolemia a aquelas persoas soñan demasiado, o inquilino deste lugar adoitaba asomarse noite tras noite para espiar as alturas e albiscar algunha diminuta parte das cousas que había alén do Mundo da Vixilia.

Co decurso dos anos foi coñecendo os astros de paso lento polos seus nomes e a seguilos coa fantasía cando, para o seu pesar, desaparecían da súa visión, até que á fin, os seus ollos abríronse a esa infinidade de paisaxes secretas en cuxa existencia nunca repara a mirada vulgar.

Unha noite os ceos cubertos de soños apareceron na xanela do Observador Solitario, para se fundiren coa atmosfera viciada da súa alcoba e facelo partícipe das súas marabillas ominosas.

Sobre o cuarto arribaron correntes descoñecidas de solpores violetas, que brillaban con nubes de ouro, furacáns de ouro e lume que se arremuiñaban desde os máis profundos espazos, alagados con perfumes de alén dos universos.

Alí tamén se derramaron mares opiáceos, alumados por soles que os ollos xamais contemplaron, e que acubillaban entre os seus remuíños estraños peixes e ninfas mariñas de abismos esquecidos.

A eternidade silenciosa viraba arredor do soñador e turraba por el sen tocar sequera o corpo que se asomaba con rixidez á fiestra solitaria. E durante días dos que non hai rexistro nos calendarios da humanidade, as mareas das afastadas esferas transportárono a se reunir cos Soños

polos que tanto suspirara, os Soños que a humanidade perdera. E no decurso de multitude de ciclos, con tenrura, depositárono durmido sobre unha praia verde ao abrente, unha ribeira verde, exuberante, perfumada polas doces fragancias dos abrochos de loto e sementada de vermellos xacintos de auga.



HERBERT WEST, O REANIMADOR

[*Herbert West-Reanimator* escribiuse entre outubro de 1921 e xuño de 1922, e publicouse, seriada, entre febreiro e xuño de 1922, na revista de afeccionados *Home Brew*.]

I

DESDE A ESCURIDADE

Sobre Herbert West, amigo meu durante os anos universitarios e máis tarde, non podo falar senón con enorme terror. É este un terror que non se debe por completo ao xeito sinistro en que desapareceu hai pouco, senón que tivo orixe na natureza completa do traballo da súa vida, e adquiriu gravidade pola primeira vez haberá máis de dezasete anos, cando cursabamos terceiro de carreira na Facultade de Medicina da Universidade de Miskatonic, en Arkham. No tempo que estivo comigo, o carácter prodixioso e endiañado dos seus experimentos tívome completamente fascinado e fun o seu máis íntimo colega. Agora que desapareceu e o feitizo quebrou, o meu medo é aínda maior.

Os recordos e as posibilidades son sempre máis terribes que a realidade.

O primeiro incidente aterrecedor durante a nosa amizade supuxo a impresión máis forte que eu experimentara até o momento e cústame ter que repetilo. Tivo lugar, como estaba a contar, cando estabamos na Facultade de Medicina, onde West xa collera sona polas súas desatinadas teorías sobre a natureza da morte e a posibilidade de vencela de xeito artificial. As súas opinións, moi ridiculizadas por parte do profesorado e os compañeiros, viraban arredor da natureza esencialmente mecanicista da vida e referíanse ao xeito de pór en funcionamento a maquinaria orgánica do ser humano mediante unha acción química controlada, despois de que os procesos naturais fallasen. Coa fin de experimentar diversas solucións de reanimación, matara e sometera a tratamento numerosos coellos, cobaias, gatos, cans e monos, até que se converteu no individuo máis odiado da Facultade. Varias veces logrou obter signos de vida en animais supostamente mortos; en moitos casos, signos violentos de vida; mais axiña se decatou de que a perfección, de ser efectivamente posíbel, suporía por forza toda unha vida dedicada á investigación. Do mesmo xeito viu claramente que, posto que a mesma solución non actuaba igual en diferentes especies orgánicas, precisaba dispor de suxeitos humanos se quería acadar progresos novos e máis específicos. E aquí foi onde bateu de fociños coas autoridades universitarias, o que desembocou en que lle retirasen a licenza para efectuar experimentos, por orde nada menos que do propio decano da Facultade de Medicina, o sabio e bondadoso doutor Allan Halsey, cuxa obra en prol dos enfermos ten gran sona entre toda a veciñanza de máis idade de Arkham.

Eu sempre me amosei especialmente tolerante cos traballos de West e a miúdo falabamos das súas teorías, cuxas derivacións e supostos eran case infinitos. Sostiña, seguindo a Haeckel, que toda vida é un

proceso químico e físico, e que a suposta «alma» é un mito. Daquela o meu amigo cría que a reanimación artificial dos mortos podía depender só do estado dos tecidos e que, a menos que se iniciase unha verdadeira descomposición, todo cadáver totalmente dotado de órganos era susceptible de recibir mediante o tratamento axeitado, esa condición física particular que se coñece como vida.

West comprendía á perfección que a máis lixeira deterioración das células cerebrais ocasionadas por un período de morte, por breve que fose, podía danar a vida intelectual e psíquica.

Nun comezo, tiña esperanzas de atopar un reactivo capaz de devolver a vitalidade antes da verdadeira aparición da morte, e só os repetidos fracasos en animais reveláranlle que eran incompatíbeis os movementos vitais naturais e os artificiais. Daquela procurouse exemplares moi frescos e inxectoulles as súas solucións no sangue, inmediatamente despois da extinción da vida. Tal circunstancia volveu enormemente escépticos os profesores, xa que entenderon que en ningún caso se producira unha verdadeira morte. Non pararan a considerar a cuestión dun xeito pausado e racional.

Pouco despois que o profesorado lle prohibise continuar os seus traballos, West confiouse a súa decisión de conseguir espécimes frescos dun xeito ou doutro e de anovar en segredo os experimentos que non podía realizar abertamente. Era horríbel ouvílo falar sobre o xeito de os conseguir, pois na Facultade nunca tivemos que encargarnos nós mesmos de nos procurar os espécimes para as prácticas de anatomía. Cada vez que minguaba o depósito, dous fulanos da localidade encargábanse de resolver este déficit sen que se lles preguntase xamais pola súa procedencia. West era na altura un mozo fraco e con lentes, de trazos delicados, cabelo louro, ollos azul claro e voz lene. Resultaba

estraño así ouvir as súas explicacións de como a fosa común era relativamente máis interesante que o cemiterio da Igrexa de Cristo dado que case todos os corpos da Igrexa de Cristo estaban embalsamados, cousa que, evidentemente, facía imposíbeis as investigacións de West.

Na altura era eu o seu axudante afervorado e cativado, e axudeino en todas as súas decisións; non só nas que se referían á fonte de fornecemento de cadáveres, senón tamén nas relativas ao lugar axeitado para o noso noxento traballo. Fun eu quen pensou na granxa deshabitada de Chapman, alén de Meadow Hill. Alí habilitamos un cuarto da planta baixa como sala de operacións e outro como laboratorio, e forrámolos con cortinas grosas coa fin de ocultarmos as nosas actividades nocturnas. O lugar estaba afastado da estrada e non había casas á vista. De calquera xeito, era preciso extremar as precaucións, xa que o máis leve rumor sobre estrañas luces que calquera camiñante nocturno puidese contar, podía resultar catastrófico para os nosos obxectivos. Se chegaban a nos descubrir, acordamos dicir que se trataba dun laboratorio químico.

Aos poucos equipamos a nosa sinistra gorida científica, con materiais que mercamos en Boston ou que roubamos ás agachadas da facultade, materiais coidadosamente camuflados, a fin de facelos imposíbeis de recoñecer, agás para os ollos expertos, e tamén nos fixemos con pas e picos para os numerosos enterramentos que teriamos que realizar no soto.

Na facultade había un incinerador, mais un aparello desa clase era custoso de máis para un laboratorio clandestino como o noso. Os corpos eran sempre unha cuestión molesta, mesmo os minúsculos cadáveres de cobaia dos experimentos secretos que West realizaba no seu cuarto da pensión onde vivía.

Seguíamos as necrolóxicas locais como vampiros, xa que os nosos espécimes tiñan que gardar unha serie de condicións determinadas. O que queríamos eran cadáveres enterrados pouco despois de morreren e sen preservación artificial ningunha; a poder ser que estivesen exentos de malformacións morbosas e, abofé, con todos os órganos. As nosas maiores esperanzas recaían nas vítimas de accidentes.

Acotío pasaban varias semanas sen novas de ningún caso axeitado, aínda que falabamos coas autoridades do depósito e do hospital, finxindo representar os intereses da facultade, aínda que sen demasiada frecuencia en calquera caso, polo que quizais necesitásemos ficar en Arkham durante as vacacións, tempo en que só se impartían as limitadas clases dos cursos de verán. Ao final sorriunos a sorte, pois un día soubemos que enterrarían na fosa común un caso case ideal: un mozo e rexo obreiro que afogara o día anterior en Summer's Pond. O enterramento faríase sen atrasos nin embalsamamentos pois corría por conta da cidade. Esa tarde localizamos a nova sepultura e decidimos comezar co traballo pouco despois da media noite.

Foi un labor noxento que levamos a cabo na escuridade das primeiras horas da madrugada, aínda cando naquela época non tiñamos ese medo especial aos cemiterios que as nosas experiencias posteriores espertaron en nós. Levamos pas e lámpadas de petróleo porque, aínda que xa había lanternas eléctricas na altura, non eran tan efectivas como eses aparellos de tungsteno de hoxe día. O traballo de desenterramento foi lento e sórdido, podería ser horribelmente poético, se no canto de científicos fósemos artistas, e sentimos certo acougo cando as nosas pas chocaron con madeira.

Unha vez que a caixa de piñeiro ficou completamente ao descuberto, West baixou e retirou a tapa, sacou o contido e deixouno

apoiado. Eu abaixeime, agarreino e entre os dous sacámolo do burato. A continuación traballamos sen descanso para deixarmos o lugar como antes. O traballo púxonos algo nerviosos; sobre todo, o corpo teso e a faciana inexpresiva do noso primeiro trofeo; mais conseguimos borrar todas as pegadas da nosa visita. Cando a última pada de terra ficou ben achandada, metemos o espécime nun saco de tea e iniciamos o regreso á granxa do vello Chapman, alén de Meadow Hill.

Nunha improvisada mesa de disección instalada na vella granxa, á luz dunha potente lámpada de acetileno, o exemplar non ofrecía un aspecto demasiado espectral. Fora un mozo rexo e pouco imaxinativo, polo visto un tipo saudábel, de feitura larga, ollos grises e cabelo marrón. Un animal san, sen complexidades psicolóxicas e probabelmente cuns procesos vitais absolutamente simples e sans. Agora ben, cos ollos fechados, semellaba máis durmido que morto. Así e todo, a proba experta do meu amigo fixo que decontado se esvaece toda dúbida arredor desa cuestión. Á fin tiñamos o que West sempre desexara: un morto verdadeiramente ideal, apto para a solución que prepararamos con cálculos e teorías do máis minucioso, coa fin de empregármola no organismo humano. A nosa tensión era enorme. Sabiamos que as posibilidades de lograr un éxito completo eran ben afastadas e non podíamos reprimir un medo horríbel ás grotescas consecuencias dunha posíbel animación parcial.

Tiñamos un medo especial no que se refería á mente e aos impulsos da criatura, xa que puidera sufrir unha deterioración nas delicadas células cerebrais logo da morte. Polo que a min respecta, aínda conservaba unha curiosa noción tradicional da «alma» humana, e sentía certo temor ante os segredos que podía revelar alguén que regresaba desde o reino dos mortos.

Preguntábame que visións puidera presenciar este plácido mozo de volver por completo á vida. Mais a miña expectación non era demasiado grande, xa que compartía case na súa meirande parte o materialismo do meu amigo. El amosouse máis tranquilo ca min ao inxectar unha boa dose do seu fluído nunha vea do brazo do cadáver e vendar decontado a picada.

A espera foi aterrecedora, mais West non perdeu a compostura en ningún momento. De cando en cando aplicaba o seu estetoscopio ao espécime e dixería con filosofía os resultados negativos. Logo duns tres cuartos de hora, ao ver que non se producía o menor signo de vida, declarou decepcionado que a solución non era axeitada. Así e todo decidiu aproveitar ao máximo esta oportunidade e probar unha modificación da fórmula, antes de se desfacer da súa macabra presa. Esa tarde cavamos unha sepultura no soto e teriamos que enchela ao amencer, pois aínda que lle botásemos o fecho á casa non queriamos correr o máis mínimo risco de que se producise un descubrimento nada agradábel. Ademais, o corpo non estaría nin medio fresco á noite seguinte.

Daquela trasladamos a solitaria lámpada de acetileno ao laboratorio do lado, deixamos o noso hóspede demudado ás escuras sobre a laxa e puxémonos a traballar na preparación dunha nova solución, logo de que West comprobase o peso e as medicións case con coidado fanático.

O espantoso acontecemento tivo de lugar de socato e dun xeito totalmente inesperado. Eu estaba a botar algo dun tubo de ensaio a outro e West andaba ocupado coa lámpada de alcol, que facía a un tempo de chisqueiro Bunsen nese edificio sen instalación de gas, cando desde o cuarto que deixamos ás escuras saíu a máis terríbel e endiañada sucesión de berros que ningún dos dous ouvimos xamais.

Non podía ser máis espantoso o caos de ouleos se o abismo se abrise para liberar a angustia dos condenados, xa que naquela cacofonía inconcibíbel concentrábase o terror absoluto e a desesperación total da natureza animada. Non podían ser humanos, unha persoa non é quen de proferir berros así, e sen pensar no traballo que estabamos a realizar, nin na posibilidade que o descubrisen, saltamos os dous pola xanela máis próxima como animais espavorecidos, derrubando tubos, lámpadas e matraces, e fuxindo enlouquecidos á estrelada negrura da noite rural.

Acho que berramos mentres corriamos freneticamente cara á cidade, malia que ao chegarmos aos arrabaldes adoptamos unha actitude máis contida, cando menos o suficiente como para pasarmos por un par de festeiros que volvían a casa logo dunha noite de xoldra.

Non nos separamos, senón que nos refuxiamos no cuarto de West, e alí estivemos a falar, coa luz de gas acesa, até que amenceu. A esa hora xa nos tranquilizamos un bocado mentres compartiamos teorías plausíbeis e suxeríamos ideas prácticas para a nosa investigación, polo que finalmente puidemos durmir todo o día no canto de asistirmos ás aulas. Mais esa tarde apareceron dous artigos no xornal sen relación ningunha entre si, que nos quitaron o sono. A vella casa deshabitada de Chapman ardera dun xeito inexplicábel e ficara reducida a unha morea informe de borralla. Iso podíámolo entender, xa que na fuxida envorcamos a lámpada. A outra nova informaba de que tentaran abrir a recente sepultura da fosa común, como se furgasen na terra en balde e sen ferramentas. Isto resultábanos incomprensíbel, xa que achandáramos moi coidadosamente a terra húmida.

E durante dezasete anos, West non deixou de mirar por riba do ombro nin de queixarse de que lle parecía ouvir pasos detrás del. Agora

desapareceu.

II O DIAÑO DA PESTE

Xamais poderei esquecer aquel verán arrepiante de hai dezaseis anos en que, como un diaño maligno chegado desde as moradas de Eblis, o tifo se estendeu por toda Arkham.

Moitos lembran ese ano por devandito azoute infernal, xa que un auténtico terror revoou con ás membranosas sobre os cadaleitos amoreados no cemiterio da Igrexa de Cristo. Porén, hai un horror maior aínda que data desa época: un horror que só eu coñezo, agora que Herbert West xa non está neste mundo.

West e mais eu faciamos traballo de posgrao no curso de verán da Facultade de Medicina da Universidade Miskatonic e o meu amigo collera unha gran sona debido aos seus experimentos encamiñados á reanimación dos mortos. Logo da matanza científica de innumerábeis animais, o monstruoso labor ficara suspendido aparentemente por orde do noso escéptico decano, o doutor Allan Halsey. Así e todo West seguiu realizando certas probas secretas na sórdida pensión onde vivía, e nunha terríbel e inesquecível ocasión apoderouse dun corpo humano da fosa común, que transportou a unha granxa situada a outro lado de Meadow Hill.

Eu estiven con el naquela ocasión e vin como inxectaba nas veas exánimes o elixir que segundo el, restabelecería dalgún xeito os procesos químicos e físicos. O experimento concluíu dun xeito horríbel, nun delirio de terror que aos poucos chegamos a atribuír aos nosos nervios sobreexcitados, e West xa non foi quen de se zafar da

sensación arrepiante de que o seguían e perseguían. O cadáver non estaba fresco dabondo. É evidente que para restabelecer as condicións mentais normais, o cadáver debe ser completamente fresco. Por outra banda, o incendio da vella casa impediunos enterrar o espécime. Sería mellor ter a seguridade que estaba baixo terra.

Logo desa experiencia, West abandonou as súas pescudas durante algún tempo, mais aos poucos recuperou o seu afán de científico nato e volveu importunar os profesores da facultade pedíndolles permiso para empregar a sala de disección e tamén espécimes humanos frescos para o traballo que el consideraba tan importante. Mais as súas súplicas foron completamente inútiles, xa que a decisión do doutor Halsey era inflexíbel, e todos os demais profesores apoiaron o veredicto do seu superior. Na teoría fundamental da reanimación non vían outra cousa que extravagancias inmaturas dun mozo entusiasta cuxo corpo fraco, cabelo louro, ollos azuis e miopes, e voz lene, non facían sospeitar o poder sobrenatural, case diabólico, do cerebro que acubillaba no seu interior. Aínda o vexo como era na altura e sinto arrepios. A súa faciana tornouse máis severa, aínda que non máis vella. E agora Sefton carga coa desgraza e West desapareceu.

West chocou dun xeito desagradábel co Doutor Halsey case ao final de noso último ano de carreira, nunha disputa que lle supuxo menos prestixio a el que ao bondadoso decano no que a cortesía se refire. Afirmaba que aquel home se amosaba testán até un punto innecesario e irracional, ante unha obra que desexaba comezar mentres aínda tiña a oportunidade de dispor das magníficas instalacións da facultade. O feito de que os profesores, apegados á tradición, ignorasen os alentadores resultados que obtivera en animais e mantivesen a negativa ante a posibilidade de reanimación, era absolutamente

indignante e case incomprensíbel para un mozo do temperamento lóxico de West. Só unha maior madurez podía axudalo a comprender as limitacións mentais innatas do típico «doutor-profesor», produto de xeracións de puritanos mediocres, bondadosos, conscientes, afábeis, e corteses ás veces, mais sempre ríxidos, intolerantes, escravos dos hábitos e carentes de perspectivas. O tempo é máis bondadoso con esta clase de persoas incompletas, malia que de alma grande, cuxo defecto de base, en realidade, é a timidez, e que reciben finalmente o castigo da irrisión xeral por mor dos seus pecados intelectuais: o seu ptolomeísmo, o seu calvinismo, o seu antidarwinismo, o seu antini-etzaheísmo e por toda clase de sabbatarinismo e leis suntuarias que practican. West, que era un home novo a pesar dos seus maravillosos coñecementos científicos, tiña escasa paciencia co bo doutor Halsey e os seus eruditos colegas, e alimentaba un rancor cada vez máis grande, acompañado dun desexo irrefreábel por demostrar a certeza das súas teorías a estas torpes dignidades dalgún xeito impresionante e dramático. E como a meirande parte dos mozos, entregábase a intrincados soños de vinganza, de triunfo e de magnánima indulxencia final.

E daquela xurdiu o azoute sarcástico e letal chegado das cavernas de pesadelo do Tártaro. West e mais eu xa nos graduáramos cando todo deu comezo, malia que seguíamos na Facultade realizando un traballo adicional do curso de verán, polo que aínda nos achabamos en Arkham cando se desatou con furia endiañada en toda a cidade. Malia que aínda non estabamos autorizados para exercer, tiñamos o noso título, e vímonos requiridos sen escusa a nos incorporar ao servizo público, tal e como aumentou o número de afectados. A situación fíxose case incontrolábel e as mortes producíanse con demasiada frecuencia para que as empresas funerarias da localidade puidesen ocuparse delas a

xeito. Os enterros realizábanse rápido, un tras do outro, sen preparación ningunha, e mesmo o cemiterio da Igrexa de Cristo estaba ategado de cadaleitos con mortos sen embalsamar. Esta circunstancia non deixou de ter o seu efecto en West, que a miúdo pensaba na ironía da situación: tantísimos espécimes frescos e, con todo, ningún servía para as súas investigacións! Estabamos tremendamente atafegados de traballo, e unha terríbel tensión mental e nerviosa facía presa do meu amigo, que se sumiu en morbosas reflexións.

Porén, os afábeis inimigos de West non estaban ocupados con reflexións tan atafegantes. Fecharon a facultade e todos os doutores adscritos á mesma colaboraban na loita contra a epidemia de tifo. O doutor Halsey, especialmente, distinguíase pola súa abnegación, e dedicaba toda a súa enorme capacidade, con enerxía sincera, aos casos que moitos outros evitaban polo risco que representaban, ou por xulgalos perdidos. Antes de rematar o mes, o valoroso decano converteuse en heroe popular aínda que el non semellaba ter conciencia da súa sona, e esforzábase por evitar esborrallarse de cansazo físico e esgotamento nervioso.

West non podía menos que admirar a fortaleza do seu inimigo, pero precisamente por isto estaba aínda máis decidido a lle demostrar a verdade das súas teorías alucinantes. Unha noite, aproveitando a desorganización que reinaba no traballo da facultade e as normas sanitarias municipais, fixo por introducir camuflado o corpo dun acabado de finar na sala de disección, e inxectoulle na miña presenza unha nova variante da súa solución. O cadáver abriu os ollos, efectivamente, aínda que se limitou a fixalos no teito con expresión de horror paralizado, antes de caer nunha inercia da que nada foi quen de sacalo, West dixo que non era fresco dabondo, xa que o ar quente do

verán non beneficia os cadáveres. Desta volta estiveron a piques de nos sorprenden antes de incinerar os refugallos e West non considerou aconsellábel repetir esta utilización indebida do laboratorio da facultade.

O apoxeo da epidemia tivo lugar en agosto.

West e mais eu estivemos a piques de sucumbir e en canto ao doutor Halsey, faleceu o día catorce. Todos os estudantes asistiron ao seu precipitado funeral o día quince e mercaron unha impresionante coroa, malia que case a afogaban os testemuños enviados polos cidadáns acomodados de Arkham e as propias autoridades do municipio. Foi case un acontecemento público, dado que o decano foi un verdadeiro benfeitor da cidade. Despois do enterro, quedamos bastante deprimidos e pasamos a tarde no bar de Comercial House, onde West, aínda que afectado pola morte do seu principal adversario, nos arrepiou a todos ao nos falar das súas notábeis teorías. Cando se fixo noite a meirande parte dos estudantes volveron ás súas casas ou se incorporaron ás súas diversas ocupacións, mais West convenceume para que o axudase a «tirar partido da noite». A caseira de West viunos entrar no seu cuarto arredor das dúas da madrugada, acompañados dun terceiro home, e contou ao seu esposo que se notaba que cearamos e beberamos demasiado ben.

Aparentemente, a rosmona caseira tiña razón, pois contra as tres a casa enteira acordou cos berros que procedían do cuarto de West, cuxa porta tiveron que botar abaixo para nos atopar a ambos os dous inconscientes, estomballados na alfombra luxada de sangue, golpeados, rabuñados e magoados, con anacos de frascos e instrumentos esparexidos ao noso redor. Só a xanela aberta revelaba que fora do noso asaltante e moitos se preguntaron que lle acontecería despois do enorme

salto que tivera que dar desde o segundo andar até o céspede. Atoparon certas roupas estrañas no cuarto, mais cando West volveu en si, explicou que non pertencían ao descoñecido, senón que eran mostras recollidas para a súa análise bacteriolóxica, cousa que formaba parte das súas investigacións sobre a transmisión de enfermidades infecciosas. Ordenou que as queimasen decontado na ampla lareira. Ante a policía declaramos que ignorabamos por completo a identidade do home que estivera connosco. West explicou, nervioso, que se trataba dun estranxeiro afábel ao que coñeceramos nun bar da cidade que non lembrabamos. Pasamos un intre algo alegres e West e mais eu non queriamos que detivesen o noso belicoso compañeiro.

Esa mesma noite presenciámos o comezo do segundo horror de Arkham, un horror que para min ía a eclipsar o da mesma epidemia. O cemiterio da igrexa de Cristo foi escenario dun asasinato sen precedentes. Un vixiante atopou a morte a rabuñaduras, non só dun xeito estarrecedor alén de toda descrición, senón que había dúbidas de que o agresor fose un ser humano.

Viran a vítima con vida bastante despois da media noite e logo aquel feito incualificábel descubriuse ao romper o abrente. Interrogouse o director dun circo que se instalara na vila veciña de Bolton, mais este xurou que ningún dos seus animais fuxira da gaiola. Os que atoparon o cadáver observaron un rastro de sangue que conducía a unha tumba recente, en cuxo cemento había unha pequena poza vermella, xusto diante da entrada. Outro rastro máis pequeno afastábase en dirección ao bosque, mais perdíase decontado.

Á noite seguinte, os diaños danzaron sobre os tellados de Arkham e unha desenfreada tolemia ouleou no vento. Pola enfebrecida cidade andou solta unha maldición, da que uns dixeron que era máis grande

que a peste e outros murmuraron que se trataba do espírito encarnado do mesmo mal. Un ser abominábel penetrou en oito casas para sementar a morte vermella ao seu paso. Aquel monstro mudo e sádico deixou tras del un total de dezasete cadáveres e logo fuxiu. Algunhas persoas que chegaron a velo na escuridade dixeron que era branco e como un mono malformado ou un monstro antropomorfo. Non deixou enteiro a ningún de cantos atacou, xa que ás veces debía de sentir fame. O número de vítimas ascendía a catorce e ás outras tres atopounas xa mortas ao irromper nas súas casas, vítimas da enfermidade.

Na terceira noite, os frenéticos grupos dirixidos pola policía lograron capturalo nunha casa de Crane Street, preto do campus universitario. Organizaran a batida con toda minuciosidade, manténdose en contacto mediante postos voluntarios de teléfono, e cando alguén do distrito da universidade informou que ouvira rabuñar nunha xanela fechada, despregaron a rede decontado. Debido ás precaucións e á alarma xeral, non houbo máis que outras dúas vítimas, e a captura efectuouse sen máis incidentes. A criatura foi detida finalmente por unha bala, aínda que non acabou coa súa vida, e foi trasladada ao hospital local, no medio do furor e a abominación xerais, porque aquel ser era en realidade humano. Isto ficou claro malia os seus ollos noxentos, o seu mutismo simiesco e o seu salvaxismo endiañado. Vendáronlle a ferida e trasladárono ao manicomio de Sefton, onde estivo a se golpear a cabeza contra as paredes dunha cela acolchada durante dezaseis anos, até un recente accidente, grazas ao cal fuxiu en circunstancias das cales ninguén gusta de comentar. O que máis noxo deu a quen o atrapou en Arkham foi que, ao limpar a faciana á monstruosa criatura, observaron nela unha semellanza incríbel e burlesca cun mártir sabio e abnegado ao que soterraran había tres días: o

finado doutor Allan Halsey, benfeitor público e decano da Facultade de Medicina da Universidade Miskatonic.

Para o desaparecido Herbert West e para min, o noxo e o horror foron indicíbeis. Aínda sinto un arreguizo esta noite mentres penso en todo iso, e tremo máis aínda do que tremín aquela mañá en que West murmurou entre as súas vendaxes:

—Maldición, non estaba fresco dabondo!

III SEIS DISPAROS Á LUZ DA LÚA

Non é común descargar os seis disparos dun revólver ás présas, cando só un sería dabondo, mais houbo moitas cousas na vida de Herbert West que non eran comúns.

Non é común, por exemplo, que un médico acabado de saír da universidade se vexa obrigado a ocultar os motivos que o impulsan a elixir determinada casa e consulta. Así e todo, ese foi o caso de Herbert West. Cando el e mais eu obtivemos o título da Facultade de Medicina da Universidade de Miskatonic e loitamos por abrandar as nosas penurias instalándonos como profesionais de medicina xeral, tivemos moito coidado en ocultar que elixiramos a nosa casa polo seu illamento e a súa proximidade ao cemiterio.

Un desexo de soidade desta natureza de cando en cando carece de motivos, e como é natural, nós tiñámolos tamén. As nosas necesidades debíanse a un traballo claramente impopular. Externamente eramos só médicos, mais por baixo esa superficie había obxectivos dunha importancia moito meirande e terríbel, xa que o esencial na vida de Herbert West era a procura nas negras e prohibidas rexións do

descoñecido, nas que agardaba descubrir o segredo da vida, e devolver a animación perpetua á lama fría do cemiterio.

Unha procura dese xénero require de materiais estraños, entre eles cadáveres humanos frescos, e para manterse abastecido de tales elementos indispensábeis un debe vivir con discreción e non moi lonxe dun lugar de enterramentos anónimos.

West e mais eu coñecerámonos na Universidade e fun eu o único que simpatizou cos seus espantosos experimentos. Aos poucos convertínme no seu axudante inesperado e agora que abandonabamos a Universidade ambos os dous tiñamos que seguir xuntos.

Non era doado que dous doutores atopasen saída laboral xuntos, mais á fin, por influencia da Universidade, fornecéronnos unha consulta en Bolton, vila industrial próxima a Arkham, a sede universitaria. As fábricas téxtiles de Bolton son as máis grandes do val do Miskatonic e os seus operarios, falantes de múltiples linguas, non foron xamais pacientes agradábeis para os médicos da localidade. Eliximos a nosa casa co maior coidado e finalmente decidímonos por un edificio medio arruinado próximo ao final de Pond Street, a cinco números do noso veciño máis próximo. Alén diso só o separaba do cemiterio unha extensión de prado cortado por unha faixa estreita de bosque mesto na zona norte.

A distancia era meirande do que nos gustaría, pero non atopamos unha casa máis preto, a menos que nos instalásemos no outro lado do prado, mais iso quedaba lonxe de máis da zona industrial. Así e todo estabamos bastante contentos, xa que entre a nosa gorida e a nosa sinistra fonte de fornecementos non había veciñanza ningunha. O camiño era algo longo, mais podíamos transportar os nosos demudados espécimes sen que ninguén nos amolase.

Para a nosa sorpresa, o noso traballo foi ben abondoso desde o mesmo comezo, tanto como para satisfacer as expectativas de dous novos doutores coma nós, e tanto como para resultar aborrecido e enfasiado para uns doutores cuxo verdadeiro interese residía noutros asuntos. Os traballadores das fábricas eran de gustos algo turbios, así que ademais das súas numerosas necesidades de asistencia médica, os seus frecuentes golpes, coiteladas e consecuencias de xoldras dábannos moito traballo. Mais o que en realidade ocupaba o noso interese era o laboratorio secreto que instaláramos no soto: un laboratorio coa súa mesa longa baixo as luces eléctricas onde, nas primeiras horas da madrugada, inxectabamos a miúdo as múltiples solucións de West nas veas dos refugallos que tirabamos da fosa común.

West experimentaba dun xeito febril, sempre na procura de algo que puxese en marcha de novo os movementos vitais, logo de que os interrompese ese fenómeno que chamamos morte. Porén, sempre batía cos máis terribes obstáculos. A solución debía ter unha composición especial segundo os distintos tipos: a que servía para os coellos de Indias non valía para os seres humanos, e cada clase requiría importantes mudanzas.

Os corpos tiñan que ser extremadamente frescos, posto que unha leve descomposición do tecido cerebral facía imposíbel que a reanimación fose perfecta. Abofé, o maior problema estaba en conseguir cadáveres frescos dabondo.

West tivo experiencias aterredoras durante as súas investigacións secretas na Universidade, con cadáveres de calidade ben dubidosa. As consecuencias dunha animación parcial ou imperfecta eran moito máis terribes que os fracasos totais e ambos os dous tiñamos lembranzas arrepiantes dese tipo de resultados. Desde a nosa primeira sesión

demoníaca na granxa deshabitada de Meadow Hill, Arkham, non deixamos de sentir unha secreta ameaza e West, malia que en case todos os sentidos era como un autómatas frío, científico, louro e de ollos azuis, confesaba a miúdo cun arreguizo que tiña a sensación de ser vítima dunha furtiva persecución.

Tiña a impresión de que o seguían, obviamente unha ilusión psicolóxica que lle provocaban os seus nervios trastornados e que amplificaba o feito innegabelmente perturbador de que, cando menos, un dos nosos tres espécimes reanimados aínda seguía vivo: tratábase dun ser espantoso e carnívoro, que permanecía encerrado nunha cela acolchada de Sefton. Había outro, o primeiro para sermos máis exactos, cuxo destino nunca chegamos a saber.

Tivemos bastante sorte cos espécimes de Bolton, de feito moita máis que cos de Arkham. Aínda non había unha semana que estabamos instalados cando nos fixemos cunha vítima de accidente na mesma noite do seu enterramento e conseguimos que abrise os ollos cunha expresión completamente lúcida, antes de que a solución fallase. Perdera un brazo. De ter o corpo enteiro, quizais teríamos máis sorte. Entre esa data e o seguinte mes de xaneiro realizamos tres ensaios máis: un foi un fracaso total, noutro conseguimos un claro movemento muscular, en canto ao terceiro, o resultado foi estarrecedor: ergueuse por si propio e deitou un berro gutural. Logo chegou un período de mala sorte, descendeu o número de enterros e os que se realizaban eran de espécimes demasiado enfermos ou mutilados para os poder aproveitar. Seguimos a pista a todas as defuncións e circunstancias en que tiñan lugar moi coidadosamente.

Así e todo, unha noite de marzo conseguimos inesperadamente un espécime que non proviña da fosa común. O puritanismo que reinaba

en Bolton tiña prohibida a práctica do boxeo, o que non deixaba de ter as súas consecuencias lóxicas. Os combates mal dirixidos entre os obreiros eran cousa moi común e de cando en vez traían de fóra algún campión profesional de baixa categoría. Esa noite de finais de inverno celebraran un combate desa clase, con consecuencias evidentemente desastrosas, xa que viñeron buscarnos dous polacos asustados, que nos pregaban nunha linguaxe incoherente que atendésemos un caso moi secreto e desesperado. Seguímolos até un alpendre abandonado onde aínda roldaba un grupo de espectadores estranxeiros que ollaban asustados un corpo negro que xacía inconsciente no chan.

No combate enfrontáranse Kid O'Brien, un mozo zoupón e agora trémulo, cun nariz ganchudo moi pouco irlandés, e Buck Robinson, «O Betume de Harlem». O último ficara noqueado e, logo dun breve exame, decatámonos de que non se había recuperar. Era un ser noxento, con aspecto de gorila, uns brazos anormalmente longos que me semellaban poutas, e unha faciana que facía pensar nos segredos insondáveis do Congo e as chamadas de tam-tam baixo unha lúa misteriosa. O corpo debiera de ter peor aspecto en vida, mais o mundo contén moita fealdade. Aquela xente desprezável estaba asustada, xa que non sabían que podía esixirlles a lei, se o caso chegaba a se coñecer, e sentíronse agradecidos cando West, malia os meus arreguizos involuntarios, se ofreceu a se desfacer do corpo en segredo. Eu ben coñecía moi ben as súas intencións.

Había unha lúa resplandecente sobre a paisaxe sen neve, mais vestimos o cadáver e levámolo á casa entre os dous polas rúas desertas e o campo, do mesmo xeito que transportamos un cadáver semellante unha terríbel noite en Arkham. Dirixímonos á casa polo campo de atrás; introducimos o espécime pola porta traseira, baixámolo ao soto e

preparámolo para o noso experimento habitual. Tiñamos bastante medo da policía, aínda que calculáramos o noso percorrido para non batermos co garda que facía rolda por aquel distrito.

O resultado foi unha decepción que nos deixou anoxados. Co seu aspecto horrendo, a nosa presa foi totalmente insensíbel a todas as solucións que inxectamos no seu brazo. Daquela, como se achegaba perigosamente a hora do abrente, fixemos o mesmo que cos demais: levámolo a rastro polo prado até a faixa de bosque das proximidades do cemiterio de enterramentos anónimos e enterrámolo alí na mellor sepultura que a terra conxelada nos permitiu cavar.

A fosa non era demasiado fonda, mais era tan boa como a do espécime anterior, aquel que se erguera e deitara un berro. Á luz das nosas lanternas, cubrímoloo coidadosamente con follas e pólas secas, seguros que a policía non o descubriría xamais nun bosque tan escuro e mesto.

No día seguinte sentínme alarmado, xa que un paciente comunicoume a noticia de que se sospeitaba que celebraran un combate e que morrera alguén.

West tiña outro motivo de preocupación: pola tarde chamárono para que atendese un caso que rematou de xeito ameazador. Unha italiana estaba histérica porque se lle extraviara o fillo, un raparigo de cinco anos, que desaparecera pola mañá e non volvera para comer, e presentaba síntomas alarmantes, dado que padecía do corazón. Era un histerismo estúpido, xa que o cativo fuxira en máis dunha ocasión, mais os campesiños italianos son terriblemente supersticiosos e aquela muller semellaba tan angustiada polos presaxios como polos feitos. Contra as sete da tarde a muller finou e o seu home, frenético, armou un balbordo tremendo, convencido de matar a West, a quen culpaba de

non lle salvar a vida á muller. Os amigos suxeitárono cando o viron sacar un coitelo, mais West marchou no medio de ouleos inhumanos, maldicións e xuramentos de vinganza. Na súa última dor, o home semellara esquecer o seu fillo, que aínda non volvera xa entrada a noite. Falouse de buscalo no bosque, pero a meirande parte dos amigos da familia ocupáronse da finada e do home que non deixaba e dar berros. Total, a tensión á que se viu sometido West foi sen dúbida tremenda. Pensar na policía e no italiano tolo angustiábao dun xeito terríbel.

Marchamos durmir por volta das once, pero eu non durmín acougado. Bolton contaba cun corpo de policía sorprendentemente eficaz malia ser unha vila pequena, e eu non paraba de pensar no escándalo que armaría se chegaban a descubrir o que acontecera a noite anterior. Podía significar a fin do noso traballo na localidade e se cadra o cárcere para ambos os dous. Inquietábanme os rumores que corrían sobre o combate. Pasadas as tres, o brillo da lúa deume nos ollos, mais dei a volta sen me erguer a fechar a persiana. Logo soaron uns golpes enérxicos na porta de atrás.

Fiquei inmóbil, algo atordado, e pouco despois ouvín a West petar na miña porta. Estaba en bata e zapatillas e tiña nas mans un revólver e unha lanterna eléctrica. Ao ver o revólver, comprendín que pensaba máis no italiano enfurecido que na policía.

—Será mellor que baixemos os dous —murmurou—. Non estaría ben non contestar, quizais sexa un paciente. Sería moi propio dun deses paifocos chamar pola porta de atrás.

Así que baixamos ambos os dous, silandeiros, cun temor en parte xustifico e en parte debido só ao misterio das primeiras horas da madrugada. Volveron chamar, un pouco máis forte. Ao chegarmos á porta, corrín o ferrollo cautelosamente e abrín de pau a pau, e a a luz da

lúa revelounos a figura que se erguía perante nós. West fixo algo moi estraño. Malia o evidente perigo de atraer sobre as nosas cabezas a temida investigación policial, cousa que por fortuna evitamos polo relativo illamento da nosa casa, o meu amigo, de xeito súbito, excitado e completamente innecesario, baleirou as seis recámaras do seu revólver sobre o noso visitante nocturno.

Porque non se trataba do italiano nin dun policía. Recortado dun xeito aterrecedor contra a lúa espectral había un ser xigantesco e deforme, inconcibíbel agás nos pesadelos, unha aparición de ollos vidrados, escura, cuberta de follas e pólas e lama; sucia de sangue callado, que amosaba entre os seus dentes relucentes unha cousa cilíndrica, terríbel, branca como a neve, que remataba nunha man diminuta.

IV O BERRO DO MORTO

O berro dun morto foi o que fixo que desenvolvese aquel intenso terror cara ao doutor Herbert West, terror que embazou os últimos anos da nosa vida xuntos. É normal que algo como o berro dun morto produza arrepío, xa que, evidentemente, non se trata dun acontecemento agradábel nin cotián. Mais eu estaba afeito a esta clase de experiencias e daquela o que me afectou nesa ocasión foi certa circunstancia especial. O que quero dicir é que non foi o cadáver o que me asustou.

Herbert West, de quen eu era colega e axudante, tiña intereses científicos moi afastados do que é habitual nun médico rural. Esa era a razón pola que, cando estableceu a súa consulta en Bolton, escolleu unha casa próxima ao cemiterio.

Dito en poucas palabras, o único interese que ocupaba a West era o estudo secreto dos fenómenos da vida e da súa culminación, encamiñados a reanimar os mortos inxectándolles unha solución estimulante. Para levar a cabo estes macabros experimentos era preciso ter un fornecemento constante de cadáveres humanos moi frescos, porque aínda a máis mínima descomposición dana a estrutura do cerebro humano. Descubrimos que a solución necesitaba unha composición específica, segundo os diferentes tipos de organismos. Matamos ducias de coellos e cobaias para os tratar, mais este camiño non nos levou a ningures. West nunca acadara o seu obxectivo por completo, xa que nunca puido dispor dun cadáver fresco dabondo. Precisaba corpos cuxa vitalidade rematase moi pouco antes, corpos con todas as células intactas, capaces de recibir outra volta o empurrón cara a ese tipo de movemento chamado vida. Había esperanzas de tornar permanente esta segunda vida artificial mediante repetidas inxeccións, mais pescudaramos que unha vida natural ordinaria non respondía á acción. Para infundirmos movemento artificial, debía ficar extinguida a vida nocturna: os espécimes debían ser moi frescos, mais tamén debían estar mortos de verdade.

West e mais eu comezamos a arrepiante investigación no noso tempo de estudantes da Facultade de Medicina da Universidade de Miskatonic, de Arkham, completamente convencidos desde o comezo do carácter absolutamente mecanicista da vida. Iso foi sete anos antes. Porén, el non semellaba nin un día máis vello: era baixo, louro, de face afeitada, voz suave e con lentes; ás veces había algún alustro nos seus fríos ollos azuis que revelaba o duro e crecente fanatismo do seu carácter, efecto das súas terríbeis investigacións. As nosas experiencias foron a miúdo estarrecedoras por mor dunha reanimación defectuosa,

ao dar vida a aqueles terróns de arxila de cemiterio cun movemento morboso, insensato e anormal, grazas a diversas modificacións da solución vital.

Un dos espécimes proferiu un ouleo arrepiante; outro ergueuse violentamente, derrubounos deixándonos inconscientes e fuxiu enlouquecido, antes que conseguisen collelo e encerralo tras dos barrotes do manicomio; e un terceiro, unha monstruosidade noxenta, xurdiu da súa sepultura pouco fonda e cometeu unha atrocidade. West tivo que matalo a tiros. Non podíamos conseguir cadáveres frescos dabondo como para que manifestasen algún vestixio de intelixencia ao seren reanimados, polo que, por forza, creabamos horrores imposíbeis de contar. Era inquietante pensar que un dos nosos monstros, ou se cadra dous, aínda vivían. Ese pensamento atormentounos de xeito esvaído até que á fin West desapareceu en circunstancias espantosas.

Mais na época do ouleo no laboratorio do soto da nosa illada casa de Bolton, os nosos temores estaban subordinados á ansiedade por conseguirmos espécimes extremadamente frescos. West amosábase máis ávido ca min, de xeito que case me parecía que ollaba con cobiza o corpo de calquera persoa viva e saudábel. Foi en xullo de 1910 cando a nosa sorte comezou a mellorar no que a espécimes se refire. Eu marchara a Illinois facerlle unha longa visita aos meus pais, e á miña volta atopei a West nun estado de particular euforia. Díxome, excitado, que case con toda probabilidade resolvera o problema da frescura dos cadáveres, ao abordalo desde un ángulo completamente diferente: o da preservación artificial. Eu sabía que traballaba nun preparado novo sumamente orixinal, así que non me sorprendeu que dese resultado. Así e todo, até que me explicou os detalles, tívome un pouco perplexo no tocante a como podía axudarnos devandito preparado no noso traballo, xa que a

anoxosa deterioración dos espécimes era debida ante todo ao tempo que transcorrera antes de caeren nas nosas mans.

West vira isto claramente, segundo me decatara agora, ao crear un composto embalsamador para uso futuro, máis que inmediato, por se o destino lle fornecía un cadáver moi recente e sen enterrar, como xa acontecera anos atrás, co boxeador aquel de Bolton logo do combate. Por último, o destino proveu, polo que desta volta conseguimos ter no laboratorio secreto do soto un cadáver cuxa corrupción non tivera posibilidade de comezar aínda. West non se atrevía a predicir que acontecería no momento da reanimación, nin se podíamos agardar unha revivificación da mente e a razón. O experimento marcaría un fito nos nosos estudos, polo que conservara este novo corpo até o meu regreso, a fin que ambos os dous compartísamos o resultado do xeito habitual.

West contoume como conseguira o espécime.

Fora un home rexo, un estranxeiro ben vestido que acababa de baixar do tren e que se dirixía ás fábricas téxtiles de Bolton para resolver uns asuntos. Dera un longo paseo pola vila e ao deterse na nosa casa a preguntar o camiño cara ás fábricas, sufriu un ataque ao corazón. Negouse a tomar un cordial e caeu morto de socato só un intre despois. Como era de agardar, o cadáver pareceulle a West como caído do ceo. Na súa breve conversa, o forasteiro explicáralle que non coñecía ninguén en Bolton, e logo de lle rexistrar os petos despois, pescudou que se trataba dun tal Robert Leavitt, de St. Louis, sen familia aparente que puidese facer pescudas sobre a súa desaparición. Se non conseguía devolvelo á vida, ninguén se decatara do noso experimento. Adoitabamos enterrar os refugallos nunha mesta faixa de bosque que había entre a nosa casa e o cemiterio de enterramentos anónimos. Pola contra, se tiñamos éxito, a nosa sona brillaría para sempre. Daquela

West inxectou sen demora no pulso do cadáver o preparado que o mantería fresco até a miña chegada. A posíbel debilidade do corazón, que ao meu xuízo faría perigar o éxito do noso experimento, non semellaba preocupar demasiado o meu colega. Agardaba conseguir á fin o que non lograra até o momento: reavivar a faísca da razón e devolverlle a vida, quizais, a unha criatura normal.

Así que a noite do 18 de xullo de 1910, Herbert West e mais eu atopabámonos no laboratorio do soto, esculcando a figura branca e inmóbil baixo a luz cegadora da lámpada. O composto embalsamador dera un resultado magnífico, pois cando comprobei, abraiado, o corpo robusto que levaba dúas semanas sen se pór teso, pedín a West que me garantise que estaba verdadeiramente morto. Deumas no acto e aproveitou para me lembrar que xamais administrabamos a solución reanimadora sen unha serie de probas minuciosas para comprobar que non había vida, xa que en caso de subsistir o menor vestixio de vitalidade orixinal, o preparado non tería efecto ningún. Cando West se puxo a facer todos os preparativos fiquei impresionado ante a enorme complexidade do novo experimento. Era tal a súa magnitude que non quixo confiar o traballo a outras mans que ás súas propias. E logo de me prohibir tocar sequera o corpo, inxectou primeiro unha droga no pulso, preto do sitio onde picara para lle inxectar o composto embalsamador. Este, dixo, neutralizaría o primeiro e liberaría os sistemas para os devolver a unha relaxación normal, de xeito que a solución reanimadora puidese actuar libremente ao ser inoculada. Pouco despois, cando se observou unha mudanza e un leve tremor pareceu afectar os membros mortos, West colocou sobre a faciana espasmódica unha especie de almofada, apertouna violentamente e non a retirou até que o cadáver ficou absolutamente inmóbil e listo para o noso intento de reanimación.

El, pálido e entusiasta, dedicouse agora a realizar un feixe de probas finais e sinxelas para comprobar a absoluta carencia de vida. Cando rematou apartouse, satisfeito, e finalmente inxectou no brazo esquerdo unha dose meticulosamente medida do elixir vital, preparado durante a tarde con máis minuciosidade que nunca desde os nosos tempos universitarios, en que as nosas fazañas eran novas e inseguras. Non son quen de describir a tremenda e intensa incerteza con que agardamos os resultados deste primeiro espécime verdadeiramente fresco, o primeiro do que podíamos esperar dun xeito razoábel que abrise os beizos e nos contase, quizais con voz intelixente, o que vira alén do abismo insondábel.

West era materialista, non cría na alma e atribuía toda función da conciencia a fenómenos corporais. Daquela non agardaba ningunha revelación sobre segredos estarrecedores de abismos e cavernas alén da barreira da morte.

Eu non disentía completamente da súa teoría, aínda que conservaba vagos e instintivos vestixios da primitiva fe dos meus antecesoros, polo que non podía deixar de ollar para o cadáver con certo temor e terríbel expectación. Ademais, non podía borrar da memoria aquel berro espantoso e inhumano que ouvimos a noite en que tentamos o noso primeiro experimento na deshabitada granxa de Arkham.

Pasara moi pouco tempo cando reparei en que o ensaio non ía ser un absoluto fracaso. As súas fazulas, até agora brancas como a parede, tornáranse dunha cor moi leve, que logo se estendeu baixo a barba incipiente, curiosamente ampla e areosa.

West, que tiña a man no pulso esquerdo do espécime, asentiu de súpeto con forza, e case ao mesmo tempo apareceu un bafo no espello

inclinado sobre a boca do cadáver. Seguiu un feixe de espasmos musculares e a continuación unha respiración audíbel e un movemento visíbel do peito. Observei as pálpebras fechadas e pareceume percibir un tremor. Logo abríronse e amosaron uns ollos grises, serenos e vivos, malia que aínda sen intelixencia, nin sequera curiosidade.

Movido por unha fantástica ocorrencia, murmurei unhas preguntas na orella cada vez máis colorada; unhas preguntas sobre outros mundos cuxa lembranza aínda puidese estar presente. Era o terror o que as extraía da miña mente, mais coído que a última que repetín foi: «Onde estiveches?»

Aínda non sei se me contestou ou non, xa que non saíu son ningún da súa boca ben formada. O que si lembro é que naquel intre crin con toda certeza que os beizos delgados se moveran lixeiramente, formando sílabas que eu interpretaría como «só agora», se a frase tivese sentido ou relación co que lle preguntaba. Naquel intre sentínme cheo de ledicia, convencido que estabamos a acadar o grande obxectivo e que, pola primeira vez, un corpo reanimado pronunciaba palabras movido claramente pola verdadeira razón. Un segundo despois xa non houbo ningunha dúbida sobre o éxito, ningunha dúbida de que a solución cumpría a súa función perfectamente, cando menos de xeito transitorio, pois devolvera ao morto unha vida racional e articulada. Porén, con esa vitoria invadíume o máis grande dos terrores. Non foi por mor de que ser falase, senón polo acto que presenciara e polo home ao que me unía a miña carreira profesional.

Porque aquel cadáver fresco, logo de tomar conciencia á fin dun xeito estarrecedor, cos ollos dilatados pola lembranza da súa última escena na terra, esbatuxou frenético nunha loita de vida ou morte co ar e, de súpeto, esborrallouse nunha segunda e definitiva morte da que xa

non puido volver, mentres deitaba un berro que resoará eternamente no meu cerebro atormentado:

—Socorro! Aparta, maldito diaño louro, aparta esa condenada agulla!

V

O HORROR DAS SOMBRAS

Moita xente contou feitos arrepiantes, nunca postos por escrito, que tiveron lugar nos campos de batalla durante a Gran Guerra. Algúns deles deixáronme pálido, outros producíronme un noxo incontíbel, mentres que outros me fixeron tremer e volver a mirada cara a atrás na escuridade. Porén, acho que podo relatar o peor de todos: o aterrecedor, antinatural e incríbel horror das sombras.

En 1915 exercía eu como médico co grao de tenente nun rexemento canadense en Flandres. Era un dos numerosos americanos que se adiantaran ao propio goberno na xigantesca guerra. Non ingresara no exército por iniciativa propia, senón máis ben como consecuencia natural de que se alistara o home de quen eu era axudante indispensábel: o celebre cirurxián de Bolton, o doutor Herbert West. El sempre se amosara desexoso de poder prestar servizo como cirurxián nunha gran guerra e cando a posibilidade se presentou, arrastroume canda el en contra da miña vontade. Había motivos polos que eu me aledaba de que a guerra nos separase, motivos polos que atopaba a práctica da medicina e a compañía de West cada vez máis difícil de aturar. Así e todo, cando marchou a Ottawa e conseguiu por medio da influencia dun colega unha praza de comandante médico, non me

puiden resistir á autoritaria insistencia daquel home decidido a que o acompañase na miña calidade habitual de axudante.

Cando digo que o doutor West estivo sempre ansioso de poder servir no campo de batalla non me refiro a que fose guerreiro por natureza nin que desexase salvar a civilización. Sempre fora unha fría maquina intelectual. Fraco, louro, de ollos azuis e con lentes, coido que ría en segredo dos meus ocasionais entusiasmos marciais e das miñas críticas á indolente neutralidade. Porén, había algo na devastada Flandres que el quería, e a fin de o conseguir tivo que adoptar aspecto militar. O que pretendía non era o que desexan moitas persoas, senón algo relacionado coa rama particular da ciencia médica que el conseguira practicar de xeito completamente clandestino e na que conseguira resultados abraiantes e, de cando en vez, aterrecedores. O que quería non era outra cousa, en realidade, que abundante provisión de mortos recentes, en todos os estados posíbeis de desmembramento. Herbert West precisaba cadáveres frescos porque o traballo da súa vida era a reanimación dos mortos. Este traballo non era coñecido pola distinguida clientela que fixera medrar axiña a súa sona á súa chegada a Bolton. En troca eu coñecía demasiado ben, xa que era o seu máis íntimo amigo e axudante desde os nosos tempos da Facultade de Medicina, na Universidade de Miskatonic, Arkham. Foi naqueles tempos da universidade cando iniciou os seus abominábeis experimentos, primeiro con pequenos animais e logo con cadáveres humanos conseguidos de xeito horríbel. Obtivera unha solución que inxectaba nas veas dos mortos e se eran frescos dabondo, reaccionaban de maneiras estrañas. Tivera moitos problemas para descubrir a fórmula axeitada, pois cada tipo de organismo necesitaba un estímulo especialmente apto para el. O terror dominábao cada vez que pensaba

nos fracasos parciais: seres atroces resultado de solucións imperfectas ou de corpos non frescos dabondo.

Certo número destes fracasos seguiron con vida, un deles atopábase nun manicomio, mentres que outros desapareceran. E como West pensaba en todas as eventualidades imaxinábeis, aínda que practicamente imposíbeis, arreguízabase a miúdo, debaixo da súa aparente impasibilidade habitual.

West decatouse moi axiña de que o requisito fundamental para que os espécimes servisen era a súa frescura, así que recorreu ao procedemento noxento e aborrecíbel de roubar cadáveres. Na universidade, e cando comezamos a exercer na vila industrial de Bolton, a miña actitude respecto del era de fascinada admiración. Porén, a medida que os seus procedementos se facían máis ousados, un terror oculto foime comendo por dentro.

Non me gustaba o xeito en que miraba as persoas vivas de aspecto saudábel. Despois tivo lugar aquela escena de pesadelo no laboratorio do soto, cando me decatei de que certo espécime aínda estaba vivo cando West se fixo con el. Foi a primeira vez que puido revivir a función do pensamento racional nun cadáver e este éxito, conseguido a conta de semellante abominación, endureceuno por completo.

Non me atrevo a falar dos seus métodos durante os cinco anos seguintes. Seguí ao seu carón só por medo e fun testemuña de escenas que a lingua humana non podería repetir. Aos poucos cheguei a me decatar de que o propio Herbert West era máis abominábel que todo o que facía, e foi daquela cando comprendín que o seu celo científico por prolongar a vida, noutro tempo normal, dexenerara de xeito sutil nunha curiosidade morbosa e macabra e nunha secreta compracencia ante a visión dos cadáveres. O seu interese tornárase en perversa afección polo

noxento e o anormal. Recreábase con tranquilidade en monstruosidades artificiais perante as que calquera persoa corda se esvaecería de repugnancia e de arrepío. Tras do seu pálido intelectualismo, convertérase nun esixente Baudelaire do experimento físico, nun lánguido Heliogábalo das tumbas.

Enfrontaba os perigos sen se turbar nin un mínimo e cometía crimes de xeito totalmente impasíbel. Coido que o momento crítico chegou cando comprobou que podía devolver a vida racional, así que foi na procura de novos eidos que conquistar experimentando na reanimación de partes seccionadas dos corpos. Tiña ideas extravagantes e orixinais sobre as propiedades vitais independentes das células orgánicas e os tecidos nerviosos separados dos seus sistemas psíquicos naturais, e obtivo certos resultados preliminares espantosos en forma de tecidos imperecedoiros, alimentados de xeito artificial a partir de ovos a medio incubar dun réptil tropical indescritíbel. Había dúas cuestións biolóxicas que desexaba establecer con todo desespero: primeiro, se podía darse algún tipo de conciencia ou actividade racional sen cerebro, na medula espiñal e nos diversos centros nerviosos; e segundo, se existía algunha clase de relación etérea, intanxíbel, distinta das células materiais, que unise as partes cirurxicamente separadas que con anterioridade formaban un só organismo vivo.

Todo este traballo científico requiría dunha constante vía de fornecemento de carne humana acabada de morrer e esa foi a razón pola que Herbert West participou na Gran Guerra.

Aquel acontecemento horríbel e abominábel tivo lugar unha media noite, a finais de marzo de 1915, nun hospital de campaña detrás das liñas de St. Eloi. Aínda agora me pregunto se non foi só a ficción endiañada dunha alucinación. West armara un laboratorio privado no lado leste do

edificio que se lle asignara provisionalmente, pois aducira que quería pór en práctica uns métodos novos e radicais para o tratamento dos casos de mutilación até agora desesperados. Alí traballaba como un carnicero, no medio da súa mercadoría sanguenta.

Xamais cheguei a afacerme á lixeireza coa que manexaba e clasificaba o seu material. Ás veces obraba verdadeiras marabillas de cirurxía nos soldados, pero as súas principais satisfaccións eran dun tipo menos público e filantrópico, e viuse obrigado a dar moitas explicacións sobre rúidos estraños aínda no medio daquela voráxine de condenados, entre os que houbo frecuentes disparos de revólver, cousa corrente nun campo de batalla, aínda que completamente fóra de lugar nun hospital. Os espécimes reanimados polo doutor West non reunían as condicións de recibiren unha longa existencia nin seren enxergados por un amplo número de espectadores. Ademais do humano, West empregaba gran cantidade de tecido embrionario de réptiles que el cultivaba con peculiares resultados. Era mellor que o material humano para conservar con vida os fragmentos carentes de órganos, e esa era agora a principal actividade do meu amigo. Nun escuro recuncho do laboratorio; sobre un estraño chisqueiro de incubación, tiña unha gran cuba tapada, chea desa sustancia celular de réptiles que se multiplicaba e meraba horribilmente no medio dun gurgullar.

A noite da que falo tiñamos un espécime novo e magnífico: un home fisicamente forte e á vez de tal intelixencia que nos garantía un sistema nervioso sensíbel. Resultaba irónico porque se trataba do oficial que axudara a que se lle concedese a West o seu destino, e que agora debía ser o noso socio. É máis, no pasado, estudara en segredo a teoría da reanimación baixo a tutela de West. O comandante sir Eric Moreland Clapman-Lee, D.S.O., era o mellor cirurxián da nosa división

e designárano ás prásas ao sector de St. Eloi en canto ao cuartel xeral chegaron novas do agravamento das hostilidades. Realizou a viaxe nun avión pilotado polo intrépido tenente Ronald Hill, só para ser derrubado xusto no punto do seu destino. A caída foi tremenda e espectacular e Hill ficou irrecoñecíbel, mais en canto ao gran cirurxián, o accidente seccionoulle a cabeza case por completo, aínda que o resto do corpo estaba intacto. West apoderouse con ansia daquel refugallo inerte que foi o seu amigo e compañeiro de estudos. Sentín arrepiós cando o vin rematar de separar a cabeza, colocala na endiañada cuba de tecido polposo de réptiles con obxecto de conservala para futuros experimentos e seguir manipulando o corpo decapitado sobre a mesa de operacións. Inxectou sangue novo, uniu determinadas veas, arterias e nervios do pescozo sen cabeza e fechou a horríbel abertura cun inxerto de pel dun espécime non identificado que levara uniforme de oficial. Eu sabía o que pretendía: comprobar se aquel corpo podía dar, sen cabeza, algún sinal da vida mental que distinguira a sir Eric Moreland Clapman-Lee, estudoso noutro tempo da reanimación. Este tronco demudado era agora requirido para servir como exemplo estarrecedor.

Aínda podo ver a Herbert West baixo a sinistra luz da lámpada, inxectando a solución reanimadora no brazo do corpo decapitado. Non podo describir a escena, esvaeceríame se o tentase, xa que aquel cuarto era horríbel, inzado como estaba de terribes obxectos clasificados, co chan esvaradío por mor do sangue e outros refugallos menos humanos que formaban unha lama cuxa espesura chegaba case até o nocello, e aquelas horrendas anormalidades de réptiles que zarrapicaban, gurgullaban e se cocían sobre o espectro azulado e tremeluciente de chama, nun recuncho de sombras mestas.

O espécime, como West comentou repetidas veces, posuía un sistema nervioso magnífico. Agardaba moito del, e cando comezou a manifestar leves movementos de contracción, puiden ver o interese febril reflectido no rostro do meu antigo colega. Acho que estaba preparado para presenciar a proba da súa cada vez máis sólida opinión arredor de que a conciencia, a razón e a personalidade poden subsistir independentemente do cerebro, que o ser humano non posúe un espírito central conectivo, senón que é só unha máquina de materia nerviosa na que cada sección se atopa máis ou menos completa en si mesma. Nunha triunfal demostración, West estaba a piques de relegar o misterio da vida á categoría de mito. O corpo agora contraíase con máis forza, e baixo os nosos ollos ávidos comezou a arquexar dun xeito horríbel. Mexeu os brazos con desespero, ergueu as pernas e contraeu varios músculos nunha especie de contorsión noxenta. Logo, aquel refugallo sen cabeza levantou os brazos nun aceno de inequívoca desesperación, dunha desesperación intelixente, que abondaba para confirmar todas as teorías de Herbert West. Evidentemente, os nervios lembraban o último acto en vida do home: a loita por saír do avión que se ía esfarelar.

Non sei exactamente que foi o que seguiu. Talvez se tratase só dunha alucinación provocada pola impresión que sufrín naquel intre en canto deu comezo o bombardeo alemán que destruíu o edificio. Quen sabe, xa que West e mais eu fomos os únicos sobreviventes. El, antes da súa recente desaparición, prefería pensar que fora iso, mais había ocasións en que non podía, porque era estraño que sufrísemos os dous a mesma alucinación. Aquel incidente horríbel foi simple en si propio, malia que sen precedentes polo que supuña.

O corpo da mesa ergueuse cun movemento cego, zoupón e terríbel, e ouvimos un son gutural.

Non me atrevo a afirmar que se trataba dunha voz, porque foi aterrecedor de máis. Así e todo, o peor non foi a súa profundidade, nin tampouco o que dixo, xa que só berrou: «Salta, Ronald, por Deus! Salta!» O espantoso en realidade foi a súa procedencia, porque abrollou da gran cuba tapada daquel recuncho macabro de sombras mestas.

VI AS LEXIÓNS DA TUMBA

Cando o doutor Herbert West desapareceu hai un ano, a policía de Boston someteume a un minucioso interrogatorio. Sospeitaban que estaba a me gardar cousas, ou algo peor, mais non podía dicirlles a verdade porque non me crerían. Sabían, abofé, que West estivera implicado en actividades que ían alén do que podía crer o común da xente, pois os seus arrepiantes experimentos arredor da reanimación de cadáveres foron demasiado numerosos para os manter nun segredo absoluto. Porén, a terríbel catástrofe final adquiriu caracteres de fantasía diabólica que me fan dubidar mesmo da realidade do que eu mesmo vin.

Eu era o amigo máis achegado de West e o seu único axudante confidencial. Coñecerámonos anos antes na Facultade de Medicina e desde o propio comezo participei nas súas terríbeis investigacións. Tentara perfeccionar aos poucos unha solución que, inxectada nas veas dun acabado de finar, puidese devolverlle a vida. Este traballo requiría abundancia de cadáveres frescos e por tanto supuña as actividades máis espantosas. Máis horríbeis aínda eran os resultados dalgún dos seus experimentos: masas horrendas de carne que estiveran mortas, pero que

West despertaba, dotándoa dunha animación cega, insensata e nauseabunda. Estes eran os resultados habituais, xa que para que volvесе despertar a mente era preciso que os espécimes fosen absolutamente frescos e que as delicadas células cerebrais non sufrisen a máis mínima descomposición.

Esta necesidade de cadáveres moi frescos supuxo a ruína moral de West. Eran difíciles de conseguir e un día espantoso chegou a se apoderar dun cando aínda estaba vivo e en todo o seu vigor. Unha loita, unha agulla e un poderoso alcaloide convertérono en cadáver fresquísimoo, e o experimento foi positivo durante un intre breve e memorábel. Así e todo West saíu del cunha alma seca e endurecida, e unha mirada fría que observaba cun aquel calculador e estarecedor a xente de cerebro especialmente sensíbel e un físico rexo. Contra o final acabei por desenvolver un intenso medo cara a West, xa que comezaba a ollar para min dese mesmo xeito. A xente semellaba non decatarse das súas miradas, aínda que me notaba asustado, e logo da súa desaparición, valéronse diso para espallar unhas sospeitas absurdas.

En realidade, West tiña máis medo ca min. Os seus traballos abominábeis facían que levase unha vida furtiva e chea de desacougo. En parte era a policía a que lle daba medo, mais ás veces o seu nerviosismo era máis fondo e esvaído, e estaba relacionado coas impías abominacións ás que inxectara unha vida morbosa e nas que non vira extinguirse devandita vida. Polo xeral, remataba os seus experimentos co revólver, mais ás veces non era rápido dabondo. Iso fora o que acontecera con aquel primeiro espécime en cuxa sepultura saqueada se descubriron máis tarde unhas rabuñaduras. E o que pasou tamén co cadáver daquel profesor de Arkham que cometeu actos de canibalismo antes de ser capturado e encerrado sen identificar nunha cela do

manicomio de Sefton, onde estivo dezaseis anos batendo coa cabeza contra as paredes. Case todos os demais resultados que puideran sobrevivir eran produtos do que resulta máis difícil falar, posto que nos últimos anos os intereses científicos de West dexeneraron nunha teima insá e fantástica que o levaron a dedicar a súa prodixiosa habilidade non só a revivir corpos enteiramente humanos, senón anacos illados de cadáveres ou partes unidas a unha materia orgánica non humana. Na época en que desapareceu chegara a se converter en algo absolutamente noxento. Moitos dos experimentos non poderían nin contarse por escrito. A Gran Guerra, na que servimos ambos os dous como cirurxiáns, só amplificou este aspecto de West.

Cando dicía que o medo de West aos seus espécimes era esvaído, pensaba sobre todo no carácter complexo dese sentimento. En parte debíase só ao feito de saber que aínda seguían a existir eses monstros abominábeis, e en parte ao seu medo ao dano corporal que podían inflixirlle en determinadas circunstancias. A desaparición destes seres aumentaba o arrepiante da situación: West só coñecía o paradiro dun deles, a pobre criatura do manicomio. Porén, tamén existía un medo máis sutil, unha sensación verdadeiramente fantástica, consecuencia dun estraño experimento que levou a cabo no exército canadense, en 1915. No medio dunha cruenta batalla, West reanimou o comandante Eric Moreland Clapman-Lee, D.S.O., colega noso e coñecedor dos seus experimentos e que, ademais, podía realizalos pola súa conta. Seccionoulle a cabeza a fin de poder estudar as posibilidades de vida semiintelixente do tronco.

O experimento funcionou no mesmo intre en que o edificio se esborrallaba por mor dunha granada alemá. O tronco moveuse de xeito intelixente e, por incríbel que poida parecer, tivemos a certeza de que

saíron sons articulados da cabeza cortada que se achaba no fondo escuro do laboratorio. En certo xeito, a granada foi misericordiosa. Mais West xamais estivo seguro, como sería o seu desexo, de que ambos os dous fósemos os únicos sobreviventes.

Logo daquilo adoitaba facer conxecturas estarrecedoras sobre o que sería capaz de facer un médico decapitado con capacidade para reanimar os mortos. A última residencia de West foi unha casa antiga, moi elegante, desde a que se dexergaba un dos cemiterios máis antigos de Boston. Escollera o lugar por razóns puramente simbólicas e fantásticas, xa que a meirande parte dos enterramentos eran do período colonial e por tanto era moi pouca utilidade para un científico que necesitaba cadáveres frescos. Instalara o laboratorio nun soto inferior que construíran en segredo uns obreiros que mandara vir doutra comarca, e nel tiña un grande incinerador para a eliminación completa e discreta dos cadáveres, fragmentos e os restos sintéticos de corpos que sobaban dos morbosos experimentos e as impías diversións do dono da casa. Durante a escavación deste soto, os obreiros deron con certo traballo de cantaría extraordinariamente antigo. Sen dúbida comunicaba co vello cemiterio, aínda que o túnel era demasiado profundo para que desembocase nalgún sepulcro coñecido. Despois de moitos cálculos, West concluíu que debía de existir algunha cámara secreta baixo a tumba dos Averill, na que o último enterro se realizara en 1768. Eu estaba con el cando estudou as paredes húmidas e nitrosas que deixaron ao descuberto as pas e os picos dos obreiros, e estaba preparado para o arreguizo que agardaba por nós no momento de descubriremos os segredos sepulcrais e seculares. Así e todo, pola primeira vez, a nova timidez de West impúxose á súa curiosidade natural, e traizoou a súa fibra dexenerada, polo que deixou intacta a

cantaría e a mandou tapar con xeso. E así permaneceu, até a noite infernal, como parte das paredes do laboratorio secreto. Falei do enfraquecemento de West, mais debo engadir que era puramente mental e intanxíbel. Por fóra foi o mesmo até o final: tranquilo, frío, fraco, co pelo louro, ollos azuis e con lentes, e un aspecto xeral de mozo que os anos e os terrores non chegaron a mudar. Semellaba acougado mesmo cando pensaba naquela sepultura rabuñada e ollaba por riba do ombro, ou cando pensaba naquel ser carnívoro que trababa e apertaba os barrotes de Sefton.

A fin de Herbert West comezou unha tarde no noso gabinete común, cando alternaba a súa estraña mirada entre o xornal e eu. Un estraño titular atraeu a súa atención desde as páxinas engurradas e unha gadoupa titánica semellou atrapalo desde dezaseis anos atrás. No manicomio de Sefton, a oitenta quilómetros de distancia, tivera lugar algo aterrecedor e incríbel que deixara atordada a veciñanza e perplexa a policía. Nas primeiras horas da madrugada, un grupo de persoas silandeiras penetrara no parque da institución e o seu xefe espertara os celadores. Era unha ameazadora figura militar que falaba sen mover os beizos e cuxa voz semellaba conectada case como nun espectáculo de ventriloquia a un grande estoxo negro que levaba con el. O seu rostro inexpresivo tiña os trazos ben parecidos, mesmo case daba a impresión dunha beleza radiante, aínda que o director levou un sobresalto cando a luz do vestíbulo caeu sobre el, xa que era un rostro de cera cuns ollos de cristal pintado. Debera de acontecerlle algún accidente terríbel a aquel suxeito. Outro, máis alto, guiaba os seus pasos: un fulano noxento cuxa cara azulada semellaba medio roída por algunha enfermidade descoñecida. O que falaba pediu que lle cedesen a custodia do monstro caníbal traído de Arkham había dezaseis anos e cando lla negaron, fixo

un aceno que provocou un balbordo terríbel. Os demos aqueles bateron, patearon e trabaron a todos os celadores que non deron fuxido, mataron a catro e finalmente conseguiron liberar o monstro. Estas vítimas, que podían lembrar o suceso sen histerismos, xuraban que as criaturas se comportaron menos como persoas que como puros autómatas guiados polo xefe de cabeza de cera. Cando lles chegou axuda, aqueles homes e a criatura caníbal desapareceran sen deixar rastro.

Desde o momento en que leu o artigo até a media noite, West permaneceu case paralizado. Ás doce soou a campá da porta e deu un chouto. Todos os criados durmían no ático, polo que fun eu abrir. Como contei á policía, non había ningún vehículo na rúa, só vin un grupo de figuras de aspecto estraño, cun grande estoxo cadrado que depositaron na entrada, despois de gruñir un deles con voz asombrosamente inhumana: «Correo urxente. Pago». Saíron da casa con paso desigual e ao velos afastarse, tiven o estraño convencemento que se dirixían ao antigo cemiterio co que lindaba a parte de atrás da casa. Ao ouvirme fechar a porta de golpe, West baixou e ollou para a caixa. Tiña uns dous pés cadrados e levaba o nome completo de West co seu enderezo actual. Tamén traía remitente: «Eric Moreland Clapman-Lee, St. Clare. Eloi, Flandres».

Seis anos antes, en Flandres, o hospital esborrallárase por mor dunha granada, sobre o tronco decapitado e reanimado do doutor Clapman-Lee e sobre a súa cabeza separada, que quizais chegara a proferir sons articulados. Agora West nin sequera se emocionou. O seu estado era máis atercedor. Dixo axiña: «É a fin, pero incineremos isto». Transportamos a caixa ao laboratorio coas orellas ben abertas. Non lembro moitos dos detalles, xa poden imaxinar o meu estado psíquico,

mais sería unha mentira maliciosa dicir que foi o corpo de Herbert West o que metín no incinerador. Entre os dous, introducimos a caixa sen abrir, fechamos a porta e conectamos a electricidade.

E non saíu son ningún da caixa.

Foi West quen observou primeiro que caía o xeso dunha parte da parede, onde antes taparan o antigo traballo de cantaría da tumba. Eu a piques estaba de liscar a lume de biqueira, mais el retívome. Daquela vin unha pequena abertura negra, sentín un refacho de vento frío e fedorento e percibín o cheirume das entrañas abominábeis dunha terra podrecida. Non ouvimos ruído ningún, mais nese preciso intre apagáronse as luces e vin recortarse contra certa fosforescencia do mundo inferior unha horda de seres silandeiros que avanzaban penosamente, produto da tolemia ou de algo peor. A súa forma era humana, medio humana; tratábase dunha horda grotescamente heteroxénea. Retiraban as pedras en silencio, unha a unha, do muro secular. Logo, cando a fenda foi larga dabondo, entraron no laboratorio en ringleira de un, guiados polo ser de paso solemne e cabeza de cera. Unha especie de monstruosidade cos ollos fóra das concas que marchaba detrás do xefe, agarrou a Herbert West. Este non se resistiu nin deitou berro ningún. Logo botáronse todos sobre el e esnaquizárono ante os meus ollos, para logo levar os seus anacos á cripta subterránea chea de abominacións. O xefe de cabeza de cera, que ía vestido con uniforme de oficial canadense, levou a cabeza de West. Ao desaparecer, vin que os seus ollos azuis detrás das lentes, escintilaban dun xeito espantoso, revelando pola primeira vez unha emoción frenética e visíbel.

Os criados atopáronme inconsciente pola mañá. West desaparecera. O incinerador contiña só borralla imposíbel de identificar.

Os detectives interrogáronme, pero que podo dicir? Non relacionarán a West coa traxedia de Sefton. Nin con iso, nin cos homes da caixa, cuxa existencia negan. Faleilles da cripta, mais eles ensináronme o xeso intacto da parede e riron. Así que non lles contei máis nada. Queren dar a entender que estou tolo ou que son un asasino. Probabelmente sexa que estou tolo. Pero podería non ser así, se esas condenadas lexións das tumbas non estivesen tan caladas.



Título orixinal:

The Picture in the House, Facts Concerning the Late Arthur Jermyn and His Family, The Moon-Bog, The Outsider, The Music of Erich Zann, Azathoth, Herbert West - Reanimator.

Licenza do texto orixinal:

Dominio Público

Licenza da tradución:

CC 3.0 by-nc-nd España

Tradución:

Tomás González Ahola

Revisión:

Urco Editora

Deseño de cuberta:

Denís Fernández Cabrera

Maquetación:

Sacauntos Cooperativa Gráfica

1ª edición en papel: 2013

1ª edición en ebook: 2020

Edita:

Urco Editora

R/do Avío II, baixo

15705, Compostela, Galiza
info@urcoeditora.com

Obra dixital realizada ao abeiro do Fondo de proxectos culturais
Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

A versión orixinal en papel deste título recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral do Libro Bibliotecas e Arquivos, na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2011, consistente no 53,57% dos honorarios do tradutor.



Podes atopar a edición en papel deste e outros títulos de fantasía, ciencia ficción e terror no web de Urco Editora.

Formato eBook diagramado pola Sacauntos Cooperativa Gráfica utilizando o software libre Sigil, Inkscape, GIMP e LibreOffice.

Esta obra está publicada baixo unha licenza de Recoñecemento-Non comercial sen obra derivada 3.0 España de Creative Commons (CC 3.0 by-nc-nd). Isto significa que es libre de a copiar e distribuír sempre e cando cites a fonte e sexa sen ánimo de lucro

OUTROS TÍTULOS DA
BIBLIOTECA H. P. LOVECRAFT:

Podes comprar copias en papel e descargar versións dixitais gratuítas da obra completa do Solitario de Providence nas seguintes ligazóns:

1. *A chamada de Cthulhu e outros contos de terror cósmico*
2. *O horror de Dunwich e O que murmura na escuridade*
3. *Nas montañas da loucura*
4. *A sombra sobre Innsmouth e O que asexo na escuridade*
5. *A cousa no limiar e A sombra fóra do tempo*
6. *Fungos de Yuggoth. Poemas impíos*
7. *Contos do Ciclo do Soño*
8. *A procura soñada de Kadath a Descoñecida*
9. *O terror sobrenatural na literatura*
10. *Alén do muro do soño e outros contos macabros*
11. *Herbert West, o reanimador e outras historias arrepiantes*
12. *As ratas nas paredes e outras historias de medo*
13. *A cor do espazo exterior e outros contos sobrenaturais*
14. *O caso de Charles Dexter Ward*
15. *De re Lovecraftiana – ensaios e proposta didáctica*



